



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DA GUARDA O DÍA 27 DE MAIO DE 2016.

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e sete de maio do ano dous mil dezaseis, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Antonio Lomba Baz e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez .
- D. Miguel Ángel Español Otero.
- D^a. Elena Baz Rodríguez.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a.M^a de la Concepción Ortega Martínez.
- D. José Carlos Castro Martínez.
- D. Roberto José Álvarez Carrero
- D^a Elena Acevedo Rolán.
- D. Óscar Alonso Álvarez.
- D. Ángel Luis Baz Vicente.
- D^a M^a Mercedes Martínez Vázquez
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira.

Non asiste: don Xan Lois Lomba Alonso.

Actúa como secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada o señor Alcalde pasa a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 01/04/2016; EXTRAORD. URXENTE 20/04/2016).

A señora Iglesias Ferreira di que aprobará a ordinaria e se absterá na extraordinaria por estar ausente na sesión.

O señor Rodríguez Fariñas di que aprobará as dúas actas, aínda que recollen bastante regular.

O señor Baz Vicente di que a señora Martínez Vázquez se absterá na que estivo ausente e na acta ordinaria hai un erro pois di "*señor Vicente Baz*", cando é Baz Vicente.

A señora Ortega Martínez di que aprobarán as actas, salvo abstención do señor Álvarez Carrero na sesión extraordinaria.

Sometida a votación o acta de **01/04/2016** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Marínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

Sometida a votación o acta de **20/04/2016** foi aprobada co seguinte resultado:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Marínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente e Rodríguez Fariñas (trece votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Álvarez Carrero, Martínez Vázquez e Iglesias Ferreira (tres abstencións).

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS.

A señora Iglesias Ferreira dáse por enteirada.

O señor Rodríguez Fariñas di que lle alegra a capacidade económica do persoal municipal cando vai a comer, pois no Decreto 213 se recollen 205,15 euros de consumo de auga e 205,15 euros de comida; no Decreto 246 se recollen 605 euros de pinchos das pandereteiras. Isto demostra unha capacidade de cálculo fenomenal. Doutra banda di que os negocio da festa da langosta, se teñen débedas coa Seguridade Social ou con Facenda non poden participar na subasta, e pensa que un señor ten débedas co Concello non debería poder participar.

O señor Español Otero pregunta cuántas comidas atopou deste equipo de goberno.

O señor Rodríguez Fariñas di que nos últimos dous meses hai dous decretos con isto, e hai outro máis dunha comida, non critica ir a comer, senón a certeza matemática do consumo.

O señor Español Otero explica que se trata dunha compensación da débeda, a actual interventora o está facendo con axilidade, ós que ten débedas se lles compensa. O recado é contaminante, a semana próxima o aclararán.

O señor Rodríguez Fariñas insiste en que o Decreto pon iso, na factura pon Alcalde e concelleiros, por compensación a mesma cantidade.

Intervén o señor Alcalde e di que se é necesario dar explicacións se darán, a veces non saben o estado de todos os establecementos. Cando se fai un gasto e se pide un servizo, Tesourería revisa as débedas e se existen se compensa, pero non entran no motivo das débedas.

O señor Baz Vicente di que se dan por enteirados dos Decretos e desculpa a ausencia do señor Lomba Alonso por motivos persoais. Queren, dende o BNg, mandar apoio a Uxío, son momentos incómodos, e piden que siga adiante, están orgullosos do seu modo de actuar.

A señora Ortega Martínez repite que non poden recibir tantos decretos dous días antes do Pleno, é complexo, pide que se manden cada quince días, di que os leron, teñen moitas preguntas. En relación co decreto de finalización e rescisión do contrato con Consultora Galega, se pagan máis de 5000 euros pero levantando un reparo de intervención. Piden recibir os decretos con maior asiduidade e danse por enteirados.

O señor Alcalde di que os decretos se entregan coa convocatoria do Pleno, é o que marca a lei.

O señor Español Otero di que se dan por enteirados.

PUNTO 3.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 4/2016.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente e considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, e o artigo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, proponse a adopción dos seguinte acordos,

1º) Levantar o reparo nº 59/2016 emitido por intervención.

2º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2016 por importe total de 26. 615,42 euros co detalle das facturas do Anexo I e Anexo II que constan no expediente.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente”

A señora Iglesias Ferreira di que, amparada no informe de intervención, non apoiará a proposta.

O señor Rodríguez Fariñas di que non está aquí para incumprir a lei, é responsabilidade de cada un, e menciona a Circular da Intervención Xeral do Estado e da Abogacía do Estado sobre o tratamento que deben darlle a esta figura, pois do que é unha excepción se está facendo unha rutina, e debe usarse só par casos excepcionais, non se está facendo ben. Votará en contra e vai facer o mesmo que fixo nos anteriores.

Intervén o señor Baz Vicente e di que outra vez hai un reparo de intervención advertindo que isto se fai de xeito reiterado, e distingue dous apartados: as facturas que se presentan en tempo e prazo pero non hai cartos, e as facturas con outras controversias. En relación coas primeiras, algunhas son de pequenas empresas e autónomos, que pagan os impostos e agora teñen que esperar para cobrar. Di que deben cobrar, pero non poden aprobar esta forma de xestión, polo que se van abster.

A señora Ortega Martínez di que non están en contra desta figura, pero lles preocupan os reparos, en algún casos non hai contratos, non se cumpre a lei. Se lles di polo Concello que é complicado, pero hai outros Concellos, como Tomiño, que teñen este tipo de contratos. Se van abster, para evitar o enriquecemento ilícito, co voto diferente do señor Alvarez Carrero. Cre que son casos diferentes, e pide que isto de acabe e se busquen solucións, saben que houbo problemas por falta de persoal.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que a figura está recollida na lei, para facturas sen crédito e que pasan a outro exercicio, para evitar o enriquecemento inxusto, e para as facturas que entran no seguinte exercicio. Sinala que é a única forma de pagalo, se está facendo nun prazo medio de 34 días, e non poden perxudicar ós que prestaron servizos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Álvarez Carrero, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (tres votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente e Martínez Vázquez (seis abstencións).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE LIMPEZA PÚBLICA E RECOLLIDA DO LIXO.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

” PROPOSTA DE ALCALDÍA

Redactado o “ Regulamento de limpeza pública e de recollida do lixo” do Concello da Guarda e emitidos informes de Secretaría e Intervención

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobación inicial do “ Regulamento de limpeza pública e de recollida do lixo” do Concello da Guarda, ,co seguinte texto:

“REGULAMENTO DE LIMPEZA PÚBLICA E DE RECOLLIDA DO LIXO”

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

Este regulamento ten por obxecto a regulación:

- a. das actividades relativas á limpeza de vías e espazos públicos;
- b. da recollida de refugallos e lixos sólidos urbanos, do seu transporte ao vertedoiro público e, de ser o caso, do seu tratamento;
- c. do mantemento e conservación de terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade; e
- d. de medidas de protección do medio ambiente natural e urbano.

No que se refire a xestión dos residuos urbanos, incluíndo a recollida, almacenamento, transporte, valorización e eliminación dos mesmos e as obrigas do concello, esta ordenanza atende aos principios da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia e demais disposicións aplicables.

Artigo 2.- Definición.

Teñen a condición de residuos urbanos ou municipais: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a condición de perigosos e que, pola súa natureza ou composición, poidan asimilarse a os producidos nos lugares ou actividades anteriores.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- a. Residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes, areas recreativas e praias.
- b. Residuos procedentes de lonxas, mercados, feiras, festas, acampadas e outras actividades semellantes.
- c. Animais de compañía mortos; mobles utensilios e automóbiles abandonados.
- d. Entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

En xeral, considéranse residuos urbanos ou municipais aqueles cuxa recollida, transporte, almacenamento ou depósito controlado lles corresponda aos concellos de acordo co establecido expresamente na lexislación do réxime local e nas demais disposicións vixentes.

Artigo 3.- Limpeza de vías e espazos públicos.

A limpeza da rede viaria, dos espazos públicos e da recollida do lixo que se orixine neles será responsabilidade municipal.

Nos casos de autorización ou concesión de ocupación de espazos públicos, o titular da autorización deberá mantelos, así como o seu entorno máis próximo, nas debidas condicións de limpeza, así como tamén calquera elemento instalado sobre aqueles.

Artigo 4.- Limpeza de inmobles e espazos privados.

A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular corresponderalles aos seus donos.

Os ocupantes dos inmobles urbanos e, subsidiariamente, os propietarios deberán manter sempre limpos os patios de luces, escaleiras exteriores e outras áreas comúns.

Artigo 5.- Prohibicións

1.- Está totalmente prohibido.

- a. Botar ou depositar nas vías e espazos públicos, fora dos contedores ou papeleiras, calquera clase de lixo.
- b. Botar ás beirarrúas e calzadas calquera clase de refugallo ou líquido procedente da limpeza de locais e vivendas
- c. Botar ao lixo restos de exploracións agrícolas como plásticos de invernadoiro, sacos de fertilizantes, envases fitosanitarios, etc. Este tipo de residuos haberá que levarlos ao punto limpo
- d. Botar ao lixo restos de artes de pesca ou similares, redes, caixas, etc. Estes depositaranse nos contedores que ten portos para tal efecto.
- e. Botar nas papeleiras líquidos ou lixos sólidos que pola súa natureza e dimensións sexan inadecuados para aqueles recipientes.
- f. Depositar en contedores destinados á recollida selectiva materiais ou lixos distintos dos previstos.
- g. Depositar residuos procedentes da limpeza de calquera tipo de predio ou xardín.
- h. Introducir nos contedores residuos voluminosos do fogar, animais de compañía mortos, residuos de construción ou demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos no contedor.
- i. Realizar calquera acto que supoña o estrago ou deterioro dos contedores e papeleiras.

Artigo 6.- Outras prohibicións

Tamén está prohibido realizar as seguintes actividades.

- a. Lavar, limpar e amañar automóbiles, e cambiarlle o aceite e outros líquidos nas vías e espazos públicos.
- b. Sacudir alfombras, esteiras ou calquera outro elemento na vía pública ou dende as fiestras, balcón ou terraza que dea sobre ela.
- c. Pór tendais de roupa nos ocos das fachadas exteriores dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública.
- d. Pór tarros de plantas ou outros elementos nos ocos, ventás e balcóns dos edificios sen suxeitar debidamente para evitar o risco de caída sobre a vía pública.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 7.- Limitacións da publicidade na vía e equipamentos públicos

- 1.- Non está permitido realizar actos de propaganda ou publicidade que comporten o lanzamento de carteis, follas ou calquera outro elemento impreso nas vías e nos espazos públicos.
- 2.- Non está permitido pegar, prender ou pendurar carteis con propaganda ou publicidade, facer pintadas e pór folletos nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario e no equipamento urbanos (farolas, marquesiñas..), agás eventos de interese municipal.
- 3.- Non está permitido pegar, prender ou pendurar carteis con propaganda ou publicidade, facer pintadas e pór folletos nos contedores.
- 4.- Serán responsables da infracción das normas contidas nos dous apartados anteriores os que realicen, promovan ou xestionen aqueles actos, e, se estes non foran identificados, as persoas ou entidades que aparezan na publicidade.
- 5.- Coa autorización expresa do concello, permítese os actos de propaganda electoral nos períodos e lugares sinalados conforme a lei así como outras accións de propaganda e publicidade de interese público, como eventos deportivos e culturais, festas e propaganda turística.
- 6.- Serán excepcións ao apartado 2. as pintadas murais de carácter artístico que se realicen coa autorización do propietario ou, no caso de facerse sobre un espazo público, coa autorización municipal.
- 7.- Coa finalidade de preservar o medio ambiente natural e urbano en boas condicións estéticas, está prohibido pór publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público das estradas e camiños, a non ser nos treitos urbanos, onde se poderá instalar contando co permiso municipal e nas condicións que o concello determine.

Artigo 8.- Obrigas dos titulares de establecementos, quioscos e outras instalacións de venda

- 1.- Os titulares ou responsables dos quioscos, postos ou outras instalacións de venda na vía pública debidamente autorizadas, están obrigados a manter limpo o espazo que ocupen e mailo seu contorno durante o horario no que realicen a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado, unha vez finalizada esta.
- 2.- Esta obriga tamén lles incumbe aos titulares de cafeterías, bares e outros establecementos públicos en canto á superficie da vía ou espazo público que ocupen con mesas, cadeiras e outros elementos, así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.
- 3.- Os titulares de establecementos nos que se desenvolvan actividades que polas súas características orixinen papeis, impresos, plásticos, envolturas ou refugallos semellantes, porán papeleiras ou recipientes para o lixo nun lugar destacado dos seus locais coa finalidade de que os usuarios destes non os boten á vía pública.

Artigo 9.- Operacións de carga e descarga

Os responsables do transporte e, subsidiariamente, os titulares de establecementos ou actividades nos que se realicen operacións de carga e descarga deberán proceder, cantas veces fose preciso, a limpeza e/ou lavado da vía pública, para manter esta nas debidas condicións.

Artigo 10.- Transporte de terras, escombros ou asimilados

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais poeirentos, áridos, formigón, cartóns, papeis, ou calquera clase de materiais que pola súa natureza poidan verterse, caer ou espallarse sobre a vía pública, deberán tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública parte dos materiais transportados. De producirse a caída polos motivos citados ou por



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

causa dun accidente, teñen a obriga de recollelos e limpar perfectamente os residuos así como, se é o caso, baldear a zona afectada, dando conta do feito á policía local

Artigo 11.- Circos e atraccións itinerantes

As actividades tales como circos, teatros, atraccións itinerantes e outras que, polas súas características especiais utilicen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza de 600€ que garanta as responsabilidades da súa actividade.

Artigo 12.- Animais

- 1.- Os posuidores de cans ou outros animais domésticos están obrigados a retirar calquera defecación depositada en vías e espazos públicos ou privados de uso público no momento no que se produzan. Queda prohibida a defecacións en espazos verdes públicos e parques infantís.
- 2.- Está prohibido realizar na vía pública abandono de animais mortos e limpeza de animais.

CAPÍTULO II

LIMPEZA DE TERREOS E EDIFICIOS

Artigo 13.- Obrigas dos donos de terreos e inmobles particulares

1. Os propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos en todo momento nas debidas condicións de hixiene, salubridade, ornato e seguridade. Para elo realizarán as tarefas de limpeza que resulten necesarias, permanecendo limpos de maleza, augas estancadas, roedores, residuos, etc. e impedindo que as augas procedentes da propiedade as ramas das árbores e plantas afecten a vía pública. Recordando a obrigación da limpeza dos valados das fincas dado que forman parte da propiedade particular.
2. O concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio concello e a cargo da propiedade

Artigo 14.- Limpeza de elementos lindeiros coa vía pública

Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos, fachadas ou calquera outro elemento dun inmovble lindeiro coa rúa, deberanse adoptar as precaucións necesarias para non molestar aos usuarios da vía pública nin lixar esta. Se a pesar das precaucións, a vía pública fora ensuciada, os donos dos establecementos ou inmobles estarán obrigados a súa limpeza.

CAPÍTULO III

RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 15. Contedores

1. O Concello da Guarda instalará na vía pública contedores normalizados para que os cidadáns cumpran coa obriga de depositar nos mesmos os residuos domiciliarios xerados facilitando a separación en orixe.
2. O tipo, número e situación dos contedores será determinado polos Servizos Técnicos Municipais atendendo as necesidades de cada zona, determinadas pola disposición de espazo, o número de habitantes e de establecementos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 16.- Servizo de titularidade municipal

1. O concello ou a empresa xestora do servizo no caso dos envases, vidro, papel e cartón, realizará a recollida e transporte ata a planta de transferencia de lixos sólidos domiciliarios e semellantes nas condicións, itinerarios, frecuencia e horarios que o concello determine, aos que se lle dará publicidade a través de medios apropiados para o seu coñecemento polos veciños, especialmente cando se produzan modificacións.
2. Ningunha persoa física ou xurídica se poderá dedicar á recollida, transporte e aproveitamento de lixos sólidos sen a concesión ou autorización previa do concello.

Artigo 17.- Disposición do lixo para a súa recollida

1. Os residuos correspondentes ao contedor verde (todos aqueles que non teñen recollida selectiva como vidro, papel, cartón, envases, etc.) depositaranse nos contedores sempre en bolsas de plástico debidamente pechadas e consistentes coa finalidade de evitar a dispersión o os vertidos así como contribuír á seguridade do persoal do servizo.
2. Os residuos correspondentes aos contedor amarelo (envases lixeiros) e azul (papel e cartón), así como aos contedores de vidro, deberán depositarse obrigatoriamente neles.
3. O papel, cartón e vidro depositaranse nos respectivos contedores sen bolsa. O papel e cartón pregado ou dobrado e os envases de vidro baleiros e sen tapa
4. Os produtores e posuidores de lixos sólidos urbanos deberán dispoñer para a súa recollida no tipo de recipiente normalizado que en cada caso sinala o concello en atención á natureza dos refugallos, ás características do sector ou vía pública e á planificación do servizo.
5. Os contedores utilizados na recollida de lixo son de titularidade pública, os usuarios están obrigados a usalos con coidado e a mantelos en adecuadas condicións de hixiene, e son responsables do deterioro que sufran pola súa causa ou negligencia. Todo iso sen prexuízo da limpeza e desinfección periódica deles, que realizarán os servizos municipais.

Artigo 18.- Normas de utilización dos contedores

1. Para cada tipo de residuo utilizarase obrigatoriamente o contedor correspondente.
2. Utilizarase o contedor máis próximo ao lugar de produción do residuo. Se este se atopara cheo, utilizarase o seguinte máis próximo, evitando, en calquera caso, o desbordamento do lixo.
3. Os residuos de grande tamaño deberán reducirse para que ocupen o menor volume posible.
4. Pecharase a tapa do contedor despois de depositar os residuos.

Artigo 19.- Lixos tóxicos e perigosos

Cando os lixos sólidos urbanos presenten características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixiráselle ao produtor deles que lles dea o tratamento que ordena a normativa especial aplicable a esta clase de refugallos.

Artigo 20.- Horario e condicións de depósito e recollida de lixo

1. Nos lugares de recollida diaria, os residuos correspondentes ao contedor verde deberán ser depositados entre as 21:00 e 23:00 horas de abril a setembro e entre as 19:00 e 23:00 horas de outubro a marzo. O sábado non se pode depositar lixo nos contedores dado que o domingo non hai recollida, salvo nos contedores habilitados para tal fin.
2. Nos lugares onde a recollida non é diaria só se poderán depositar o día anterior á recollida nos horarios especificados no apartado 1, en función da estación do ano. Nestes lugares poderase modificar a frecuencia de recollida en función das necesidades



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3. O concello poderá variar de forma extraordinaria, en zonas e datas con moita afluencia de persoas, os horarios de recollida de lixo. Isto pode facer variar as condicións de depósito habituais. Cando se dean estas situacións, os veciños e establecementos serán informados de tal eventualidade.

4. Nos contedores de vidro os residuos só poderán ser depositados entre as 8:00 e as 22:00 horas.

Artigo 21.- Sobreproducción de lixo con carácter extraordinario

Se un usuario ou entidade, pública ou privada, tivera que desprenderse, de forma excepcional, de residuos domiciliarios, non voluminosos, en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, non poderá utilizar o servizo municipal ordinario. Deberá comunicar esta circunstancia aos servizos técnicos municipais, para que se fagan cargo da súa recollida e transporte

CAPÍTULO IV

LIXOS ESPECIAIS

Artigo 22.- Voluminosos

Considéranse residuos voluminosos os mobles, electrodomésticos, colchóns, etc. que polo seu peso ou volume non deban ser depositados no contedor. Por regra xeral cando este tipo de lixo sexa de procedencia doméstica terá que ser trasladado ao punto limpo polo responsable do residuo. No caso de non dispoñer de transporte pode recorrer aos servizos municipais para o seu traslado, debendo abonar, neste caso, a taxa correspondente.

Artigo 23.- Animais mortos

1. Está prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos, vías ou espazos públicos.
2. Quen observe a presenza dun animal morto nas vías ou espazos públicos deberá comunicarllelo aos servizos municipais, que procederán a súa retirada nas debidas condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 24.- Pilas usadas

Está prohibido depositar as pilas nos contedores de lixo. Deberán ser entregadas aos axentes distribuidores de acordo coa normativa específica de aplicación ou ser depositadas en contedores para este fin.

Artigo 25. Aceites usados

Os aceites usados de cociña de orixe doméstica non poderán ser eliminados a través do sistema de saneamento. Deberán depositarse nos contedores habilitados para tal efecto ou levalos directamente ao punto limpo.

Artigo 26.- Aparellos eléctricos e electrónicos

Os aparellos eléctricos e electrónicos (informática, imaxe, son e similares) non poden depositarse nos contedores de lixo. Poden entregarse nos establecementos de venda (en caso de reposición do aparello) ou levalos ao punto limpo .

Artigo 27.- Vehículos abandonados.

Está prohibido abandonar nas vías ou espazos públicos calquera clase de vehículos, ou restos deles.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1. Os vehículos abandonados que, de conformidade coa lexislación sobre tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, adquiren a condición de residuo urbano, xestionaranse polo concello de conformidade coa normativa relativa á xestión de vehículos fora de uso.
2. Os propietarios de vehículos abandonados que adquiren a condición de residuo urbano deberán sufragar os custes derivados da recollida e traslado a un centro autorizado de recepción.

Artigo 28.- Escombros e materiais de construción procedentes de obras

1. Prohíbese pór nos contedores destinados a lixos domiciliarios os cascallos ou entullos procedentes de calquera clase de obras, actividades ou industrias.
2. Os produtores de grandes cantidades de terras e escombros procedentes da construción deberán proceder ao seu traslado aos vertedoiros e centros autorizados.
3. Cando se trate de pequenas producións de terras e escombros procedentes da construción poden trasladarse ao punto limpo. O límite establecece en 1 m³ (25 cachos) por licenza ou obra. Neste caso o responsable do residuo, a partir de 3 cachos, deberá abonar a taxa correspondente.
4. No caso de ser necesario almacenar provisionalmente os entullos procedentes da construción este deberá facerse en contedores homologados.
5. Os contedores colocaranse, se é posible, no interior da zona valada de obras, non precisando neste caso autorización municipal. No caso de ter que colocar o contedor na vía pública requirirá autorización municipal.

Artigo 29.- Outras tipoloxías de residuos

O Concello, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con Asociacións ou Sistemas Integrados de Xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos especiais tales como téxtiles, aceites usados, teléfonos móbiles, madeiras, tubos fluorescentes, etc. Instalando contedores ou recollendo estes residuos no punto limpo.

CAPÍTULO V

DEREITO SANCIONADOR

Artigo 30.- Acción pública

Calquera persoa poderá denunciar ante o concello as infraccións contra o presente regulamento e as disposicións específicas sobre a materia.

Artigo 31.- Responsabilidade colectiva por actos doutra persoa.

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das disposicións contidas no presente regulamento serán esixibles non soamente por actos propios, senón tamén polos daquelas persoas das que deba responder.
2. Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade seralle atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible do que se trate.

Artigo 32.- Definición e clases de infraccións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as disposicións contidas neste regulamento. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 33.- Procedemento sancionador

1. As infraccións serán sancionadas conforme se determina no presente Regulamento, polo Alcalde, dentro dos límites da lexislación aplicable, e sen prexuízo das responsabilidades penais e civís a que houbera lugar no seu caso.
2. Para impor unha sanción derivada de infracción deberase tramitar o oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria.
3. O procedemento para a imposición das sancións previstas no presente Regulamento será o establecido na normativa reguladora vixente do exercicio da postestade sancionadora.

Artigo 34.- Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións axustaranse ao disposto na Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia, nos seguintes termos:

“Artículo 61. Infracciones muy graves.

Son infracciones muy graves:

- a) El ejercicio de una actividad descrita en la presente ley o normativa que la desarrolle sin la preceptiva autorización o con la misma caducada, revocada o suspendida, y el incumplimiento de las obligaciones impuestas en las autorizaciones, así como la actuación en forma contraria a lo establecido en la presente ley, cuando la actividad no estuviera sujeta a autorización específica, todo ello siempre que se hubiera puesto en peligro grave la salud de las personas o el medio ambiente o cuando la actuación tuviese lugar en espacios protegidos en función de su valor ecológico.*
- b) El abandono, vertido o eliminación incontrolados e residuos peligrosos.*
- c) El abandono, vertido o eliminación incontrolados de cualquier otro tipo de residuos, siempre que se hubiera producido un daño o deterioro grave para el medio ambiente o se haya puesto en peligro grave la salud de las personas.*
- d) El incumplimiento de las obligaciones derivadas de las medidas provisionales y cautelares, salvo los supuestos de fuerza mayor o imposibilidad sobrevenida.*
- e) La ocultación o alteración maliciosa de datos aportados a los expedientes administrativos para la obtención de autorizaciones, licencias, permisos o inscripciones relacionadas con el ejercicio de las actividades reguladas en la presente ley.*
- f) La elaboración, importación o adquisición intracomunitaria de productos con sustancias o preparados prohibidos por la normativa vigente por la peligrosidad de los residuos que generan.*
- g) El incumplimiento por los agentes económicos responsables de la puesta en el mercado de productos que con su uso se conviertan en residuos de las obligaciones señaladas en el artículo 31.1 de la presente ley.*
- h) La no realización de las operaciones de limpieza y recuperación cuando un suelo fuese declarado como contaminado, tras el correspondiente requerimiento de la consellería competente en materia de medio ambiente, o el incumplimiento, en su caso, de las obligaciones derivadas de acuerdos voluntarios o convenios de colaboración.*
- i) La mezcla de las diferentes categorías de residuos peligrosos entre sí o de éstos con los que no tengan tal consideración, siempre que se hubiera producido un daño o deterioro grave para el medio ambiente o se haya puesto en peligro grave la salud de las personas.*
- j) La entrega, venta o cesión de residuos peligrosos a personas físicas o jurídicas distintas de las señaladas en la presente ley, así como la aceptación de los residuos en condiciones distintas de las que aparezcan en las correspondientes autorizaciones o en las normas establecidas en la presente ley y en sus disposiciones de desarrollo.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

k) La omisión, en caso de residuos peligrosos, de los necesarios planes de seguridad y previsión de accidentes, así como de los planes de urgencia interior y exterior de las instalaciones, exigibles de conformidad con la normativa de aplicación.

l) El incumplimiento de la obligación de reponer prevista en el artículo 72.

m) La comisión durante un periodo de tres años de dos o más infracciones graves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.

Artículo 62. Infracciones graves.

Son infracciones graves:

a) El ejercicio de una actividad descrita en la presente ley o normativa que la desarrolle sin la preceptiva autorización o con la misma caducada, revocada o suspendida, y el incumplimiento de las obligaciones impuestas en las autorizaciones, así como la actuación en forma contraria a lo establecido en la presente ley, cuando la actividad no estuviera sujeta a autorización específica, todo ello siempre que no se hubiera puesto en peligro grave la salud de las personas ni se haya producido un daño o deterioro grave para el medio ambiente.

b) El abandono, vertido o eliminación incontrolados de cualquier tipo de residuos no peligrosos, siempre que no se hubiera puesto en peligro grave la salud de las personas ni se haya producido un daño o deterioro grave para el medio ambiente.

c) El incumplimiento de las condiciones de almacenamiento de cualquier tipo de residuos establecidas en la normativa.

d) El incumplimiento de la obligación de proporcionar documentación o información o la ocultación o falseamiento de datos exigidos por la normativa de aplicación o por las estipulaciones contenidas en la autorización, así como el incumplimiento de la obligación de custodia y mantenimiento de dicha documentación.

e) La falta de constitución de seguros, fianzas u otras garantías, o de su renovación, cuando fuesen obligatorias.

f) El traslado de residuos con origen o destino en el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia de residuos procedentes de otros estados u otra parte del territorio nacional sin los requisitos previstos en la legislación comunitaria, la presente ley o las normas que la desarrollen.

g) En caso de adquisición intercomunitaria de residuos, el incumplimiento de la obligación de notificar la realización de su valorización o eliminación, de acuerdo con lo establecido en el Reglamento 1013/2006/CE.

h) La obstrucción a la actividad inspectora o de control de las administraciones públicas.

i) La falta de etiquetado o el etiquetado incorrecto o parcial de los envases que contengan residuos peligrosos.

j) La mezcla de las diferentes categorías de residuos peligrosos entre sí o de éstos con los que no tengan tal consideración, siempre que, como consecuencia de ello, no se hubiera puesto en peligro grave la salud de las personas ni se haya producido un daño o deterioro grave para el medio ambiente.

k) La entrega, venta o cesión de residuos no peligrosos a personas físicas o jurídicas distintas de las señaladas en la presente ley, así como la aceptación de los residuos en condiciones distintas de las que aparezcan en las correspondientes autorizaciones o en las normas establecidas en la presente ley y en sus disposiciones de desarrollo.

l) El incumplimiento por parte de las entidades aseguradoras o del asegurado de la obligación de notificar a la consellería competente en materia de medio ambiente la suspensión de la cobertura o la extinción del contrato de seguro.

m) La comisión de alguna de las infracciones indicadas en el artículo anterior cuando, por su escasa cuantía o entidad, no mereciesen la calificación de muy graves.

n) La comisión durante un periodo de tres años de dos o más infracciones leves sancionadas con carácter firme en vía administrativa.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artículo 63. Infracciones leves.

Son infracciones leves:

- a) El ejercicio de una actividad descrita en la presente ley sin la correspondiente inscripción en los registros administrativos pertinentes en su caso.*
- b) El abandono o vertido de residuos derivados del consumo privado en la vía pública y espacios públicos.*
- c) El retraso en el suministro de la documentación o información que haya de proporcionarse a la administración de acuerdo con lo establecido por la normativa de aplicación o por las estipulaciones contenidas en las autorizaciones.*
- d) La comisión de alguna de las infracciones indicadas en el artículo anterior cuando, por su escasa cuantía o entidad, no mereciesen la calificación de graves.*
- e) Cualquier infracción de lo establecido en la presente ley, sus normas de desarrollo o las estipulaciones contenidas en las autorizaciones, cuando no estuviere tipificada como muy grave o grave.*

Artículo 64. Prescripción de las infracciones.

Las infracciones previstas en la presente ley prescribirán en los siguientes plazos:

- a) Las infracciones muy graves, a los cinco años.*
- b) Las infracciones graves, a los tres años.*
- c) Las infracciones leves, al año.*

2. El plazo de prescripción comenzará a contarse desde el día en que la infracción se hubiera cometido, con las siguientes particularidades:

- a) Cuando se tratase de infracciones continuadas, el plazo de prescripción comenzará a contar desde el momento de la finalización o cese de la acción u omisión que constituye la infracción.*
- b) Cuando no fuesen inmediatamente perceptibles los daños al medio ambiente derivados de las infracciones, el plazo de prescripción comenzará a contar desde el momento de su manifestación o conocimiento.*

3. Interrumpirá la prescripción la iniciación, con conocimiento de la parte interesada, del procedimiento sancionador, reanudándose el plazo de prescripción si el expediente sancionador estuviera paralizado durante más de un mes por causa no imputable a la parte presuntamente responsable.

Artículo 65. Sanciones.

1. Por la comisión de las infracciones muy graves podrá imponerse alguna de las siguientes sanciones:

- a) Multa desde 31.001 hasta 2.000.000 de euros, salvo en residuos peligrosos, que será desde 301.001 hasta 2.000.000 de euros.*
- b) Inhabilitación para el ejercicio de cualquiera de las actividades previstas en la presente ley por un periodo de tiempo no inferior a un año ni superior a diez.*
- c) En los supuestos de infracciones tipificadas en los apartados a), d), e), i) y k) del artículo 61, clausura temporal o definitiva, total o parcial, de las instalaciones o aparatos.*
- d) En los supuestos de infracciones tipificadas en los apartados a), d), e), f), i), j) y k) del artículo 61, revocación de la autorización o suspensión de la misma, o cancelación o suspensión de la inscripción registral, por un tiempo no inferior a un año ni superior a diez.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. Por la comisión de las infracciones graves podrá imponerse alguna de las siguientes sanciones:

- a) Multa desde 603 hasta 31.000 euros, salvo en los residuos peligrosos, que será desde 6.020 hasta 301.000 euros.*
- b) Inhabilitación para el ejercicio de cualquiera de las actividades previstas en la presente ley por un periodo de tiempo de hasta un año.*
- c) En los supuestos de infracciones tipificadas en los apartados a), e), f), g), h), i), j) y k) del artículo 62, revocación de la autorización o suspensión de la misma, o cancelación o suspensión de la inscripción registral, por un tiempo de hasta un año.*

3. Por la comisión de las infracciones leves podrá imponerse la sanción de multa de hasta 602 euros, salvo en residuos peligrosos, que será hasta 6.019 euros.

En el supuesto de la infracción tipificada en el apartado b) del artículo 63, los ayuntamientos de la Comunidad Autónoma de Galicia podrán establecer en sus ordenanzas, como alternativa a la multa, la posibilidad de que quien cometió la infracción realice, con carácter voluntario, una prestación personal de servicios de limpieza en la vía pública.

4. La sanción de multa será compatible con el resto de las sanciones previstas en los números anteriores.

5. Las personas físicas o jurídicas que hubieran sido sancionadas por faltas graves o muy graves derivadas del incumplimiento de la presente ley no podrán obtener subvenciones ni otro tipo de ayudas de la Comunidad Autónoma de Galicia hasta cumplir la sanción y, en su caso, ejecutar las medidas correctoras pertinentes.”

A contía da sanción virá determinada polas circunstancias do responsable, grado de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido, así como grao do dano causado ó medio ambiente ou perigo en que se puxera a saúde das persoas. Sen prexuízo da sanción que se impoña, os infractores están obrigados á reposición ou restauración das cousas ó ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións que fixe o órgano que impoña a sanción. No caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e a súa costa. Será considerado reincidente quen incurriera en infracción das mesmas materias nos doce meses anteriores.

Artigo 35.—Responsabilidade.

En materia de infraccións relacionadas con limpeza será responsable o causante da acción ou omisión en que consista a infracción. Cando se trate de obrigas colectivas, tales como uso, conservación, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmoble cando non esté constituído e, ó efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou contra a persoa que ostente a súa representación. A efectos do establecido neste Título os residuos terán sempre un titular responsable, cualidade que corresponderá ó produtor, posuidor ou xestor dos mesmos. Quedarán exentos de responsabilidade os que cedan os residuos a xestores autorizados, sempre que a entrega se faga conforme ó que establece a Comunidade Autónoma. Do mesmo modo, os posuidores de residuos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poida derivarse de tales residuos, sempre que os entregara o Concello observando o disposto nesta Ordenanza.

Disposición Derogatoria.

Queda derogado o Regulamento de limpeza pública e de recollida de lixo aprobado polo Pleno do Concello da Guarda en data 26/11/1999.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Disposición Final

Este Regulamento entrará en vigor unha vez se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia e houbera transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local”

2.- Ordena-la publicación nos boletíns oficiais correspondentes.

Na Guarda, a 18 de maio de 2016.

O Alcalde
Antonio Lomba Baz”

A señora Iglesias Ferreira di que xa foi discutido, as Ordenanzas son necesarias, esta temática é problemática para o pobo, pois afecta ó turismo, a saúde pública e á convivencia. Votará a favor, se ben lles preocupa que o artigo 3 se vaia a incumplir, e pide que serva para algo.

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor, nalgúns artigos farán alegacións e pensa que as aportacións foron boas.

O señor Baz Vicente di que son sabedores da importancia do regulamento e dunha boa xestión de lixo. Pero van ser críticos, se está facendo a casa polo tellado, se lles fala de prohibicións e multas pero hai apartados do regulamento anterior coas obrigas do Concello que desaparecen no novo texto. Di que para esixir ós veciños que fagan un esforzo hai que dar un bó servizo. Deixan de lado a regulación das taxas, cando sería bó facer un estudo económico para saber para saber se o están facendo ben, e pon como exemplo a non recollida os sábados. En relación cos espazos para publicidade, o mobiliario público non é o lugar idóneo, pero hai información de carácter social que deberá ter espazos para elo, o BNG quere chegar á cidadanía cando faga falta e necesitan espazos para anunciar os actos e colocar cartelería, e isto está ausente neste regulamento. Queren ter a certeza de dar ós veciños o mellor servizo posible e logo esixirlles que cumplan. Insiste en que o estudo de custes non se fixo e debe facerse. Votarán en contra.

A señora Ortega Martínez pensa que algo hai que facer, no primeiro Pleno presentaron unha moción que falaba da acumulación de lixo e a desinfección de contedores. Di que farán alegacións, pois a transcripción que se fixo da lei é xenérica e non se adapta ó Concello da Guarda, debería estar máis definido. Se van abster, sairá adiante e farán alegacións.

Intervén o señor Alcalde, que quere facer unha aclaración sobre o traballo feito: a anterior regulamento estaba anticuado e se empezou a traballar hai uns meses, se tratou de actualízalo para que tivese que ver coas esixencias e para mellorar o servizo. Se redactaron borradores, houbo reunións cos grupos e se chegou ata aquí, pensa que é algo consensuado. Di que naquel borrador inicial se incluíron aportacións dos grupos, e a aportación da interventora, o que hai aquí é o que a dixo a interventora que tiña que ir. El ten o borrador que lle houbera gustado, pero o que se fixo foi o que dixo a interventora. Este regulamento basease na lei e hai que cumprila. Son sensibles ós problemas das empresas, se intentará resolver. En relación co problema dos restaurantes do porto, dado que os sábados e domingos non había recollida de lixo, se habilitou un lugar onde deixalo. En relación coa publicidade, están en desacordo, queren ter o pobo aseado e limpo, hai armarios para a información municipal, e di que hoxe en día non se necesita, hai outros medios, non van habilitar sitios para colgar publicidade política. En relación coa ordenanza da taxa, quere revisala, hai plantexamentos de facer unha revisión completa, o estudo de custes dará un incremento que pagan as empresas, pensa que modifican o regulamento naquelo que a taxa non contén e estaría ben consensuado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén o señor Español Otero e di que a Deputación hai uns anos fixo un estudo de custes e lles felicitaron por manter o servizo coas taxas que tiñan, pois o estudo incrementaba as taxas con menos días de recollida.

O señor Baz Vicente di que lles preguntaron se había un estudo e lles dixeron que non, contestando o señor Español Otero que no Concello non.

O señor Baz Vicente di que se queren prestar un servizo áxil e bo ten que vir acompañado dunhas taxas, nas parroquias non se recolle todos os días.

O señor Rodríguez González di que se recolle todos os días menos os domingos, eles teñen que cumprir cos veciños sempre, cos medios que haxa.

O señor Español Otero di que a taxa é igual no rural que no casco urbano.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (nove a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Baz Vicente e Martínez Vázquez (dous votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (cinco abstencións).

PUNTO 5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO PADROADO MONTE SANTA TREGA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

(Sae o señor Español Otero, 20:45 horas).

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PRIMEIRO: O Pleno do Concello da Guarda en sesión celebrada en data 27 de novembro de 2015 acordou a aprobación inicial da modificación dos Estatutos do Padroado Monte Santa Trega, presentándose durante o trámite de información pública as seguintes alegacións:

- Grupo Municipal do Partido Popular (RE 10 PAT do 13 de xaneiro de 2016).
- Grupo Municipal Convergencia Galega (RE 274 do 14 de xaneiro de 2016).
- Grupo Municipal do BNG, (RE 319, do 18 de xaneiro de 2016) (RE PAT 16, do 18 de xaneiro de 2016).
- Dona Fátima Iglesias Ferreira, concelleira non adscrita (RE 323, do 18 de xaneiro).
- Don Manuel Castro Vicente, como secretario da Comunidade de Montes en man Común da Guarda (RE 316, de 18 de xaneiro de 2016).
- Don Eloi Gómez Mariño, como Presidente da Comunidade Montes de Salcidos (RE 324, de 18 de xaneiro de 2016).

SEGUNDO: Foron emitidos informes pola secretaria e intervención municipais, e esta Alcaldía considera a **aceptación das alegacións** presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular aos artigos 1 e 10 (a alegación ao artigo 7 é aceptada, pero coa redacción proposta polo BNG); aceptación das alegacións



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

presentadas polo Grupo Municipal BNG de cambio da denominación de “vocal por “vogal”, así como aos artigos 7, artigo 19, artigo 26 e artigo 34; aceptación da alegación ao artigo 10 presentada pola concelleira dona Fátima Iglesias Ferreira. En relación coas restantes alegacións, se trata de peticións ou solicitudes de diversa índole e esta Alcaldía considera o rexeitamento das mesmas por tratarse de cuestións que dependen da vontade política e non teñen fundamentación xurídica.

Tendo en conta as facultades que me confire o ordenamento xurídico, así como o anteriormente exposto, propono ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Resolver as alegacións presentadas no sentido antedito e aprobar definitivamente a modificación dos Estatutos do Padroado Monte Santa Trega, que quedarían redactados como segue:

“ESTATUTOS PADROADO MONTE SANTA TREGA

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.-

No ámbito da competencia municipal que con carácter xeral se sinala nos correspondentes artigos da Lei de Bases de Réxime Local e artigos 85 ó 88 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, o Concello da Guarda constitúe o Organismo Público Autónomo denominado PADROADO MONTE SANTA TREGA do que forman o propio Concello, as Comunidades de Montes en Man Común da Guarda e Camposancos, a Consellería de Cultura, a de Medio rural e a Deputación de Pontevedra, sen prexuízo doutras entidades administrativas, persoas físicas ou personalidade xurídicas públicas ou privadas que poidan formar parte no futuro.

O Padroado ten personalidade xurídica propia e patrimonio especial e establece o seu domicilio na Praza do Reló, nº 1 da Guarda.

ARTIGO 2º.-

A finalidade xenérica deste Padroado é a conservación, protección e valorización do Monte Sta. Trega no seu conxunto, nomeadamente os restos arqueolóxicos declarados Ben de Interese Cultural no 1931 e o Museo Arqueolóxico de Sta. Trega (MASAT) tamén declarado BIC no 1962. mo finalidades específicas, ten as seguintes:

- a) Organizar actos encamiñados á promoción do turismo no Monte Trega.*
- b) Realizar accións e xestións dirixidas á protección, mellora, conservación e valorización do Monte Santa Trega.*
- c) Editar directamente ou en colaboración con outras entidades publicacións referidas ó Monte.*
- d) Promover actuacións de investigación, consolidación e mellora dos xacementos arqueolóxicos existentes no monte.*
- e) Coordinar con outras administracións, organismos públicos ou privados, entidades nacionais ou estranxeiras e universidades aquelas actuacións de interese para os fins deste Padroado.*
- f) En xeral, impulsar ou coordinar cantos asuntos relacionados co Monte de Santa Trega, dende un punto de vista arqueolóxico, turístico, paisaxístico, forestal, ambiental ou de servizos sexan de interese.*

En ningún caso o Padroado terá facultade de intervención sobre as concesións que as Comunidades de Montes outorgaran como propietarias dos citados monte veciñais salvo autorización expresa das Comunidades e demais titulares do Monte.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 3º

Para o cumprimento das súas finalidades, o Padroado rexerese polo previsto nestes Estatutos, e no non previsto neles, polas normas legais e regulamentarias referentes ás entidades locais ou ás de carácter administrativo e civil que lles sexa de aplicación.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS E DE GOBERNO

ARTIGO 4º

O goberno e a administración do Padroado estarán a cargo dos seguintes órganos persoais e colexiados:

1. *O Presidente ou Presidenta*
2. *Unha Comisión Permanente*
3. *O Pleno do Padroado*

Sección Primeira: DO PRESIDENTE

ARTIGO 5º

Exercerá como Presidente o Alcalde ou Alcaldesa da Guarda. De consideralo oportuno, o Alcalde ou Alcaldesa poderá delegar a Presidencia do Padroado nun Concelleiro ou Concelleira do Concello da Guarda.

ARTIGO 6º

Ao Presidente correspóndenlle as seguintes atribucións:

- a) *Dirixir o goberno e a administración do Padroado.*
- b) *Representar legalmente ó Padroado en toda clase de actos e contratos, ante calquera autoridade, organismo ou particular, así como exercer toda clase de accións encamiñadas á defensa dos intereses do Monte Santa Trega.*
- c) *Convocar, e presidir as sesións do Pleno, e da Comisión Permanente, resolvendo os empates co seu voto de calidade.*
- d) *Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.*
- e) *O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñer gastos ata 18.000,00 euros, concertar operacións de crédito con exclusión das contempladas no artigo 177.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, sempre que estean previstas no Orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10% dos recursos ordinarios, salvo os de tesourería que le corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagos e render contas, todo de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- f) *Aprobar as bases para a selección de persoal e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*
- g) *Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, e o despido do persoal laboral, dando conta ao Pleno neste último caso, na primeira sesión que celebre.*
- h) *Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, no caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco os mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta ao Pleno.*
- i) *A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstas no orzamento.*
- j) *Ordenar a publicación, execución, e facer cumprir os acordos do Padroado.*
- k) *Todas aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas ó Pleno do Padroado ou á Comisión Permanente.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sección Segunda: DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 7º.

Composición. A Comisión Permanente estará integrada por un Presidente ou Presidenta e tantos vogais como comunidades de montes pertencen ó Padroado en cada momento.

- Exercerá como Presidente o Alcalde ou Alcaldesa do Concello da Guarda ou o Concelleiro ou Concelleira no que delegue.*
- Exercerán como vogais un representante de cada comunidade de montes que teña representación no Pleno do Padroado*
- Poderá participar nas reunións da Comisión, con voz e sen voto, calquera membro do Padroado se, entre as cuestións a tratar, figura algunha que é materia de interese da institución ou organismo que representa. Para tal efecto remitirase a orde do día da Comisión Permanente a todos os membros do pleno do Padroado para o coñecemento dos temas a tratar.*

ARTIGO 8º.

Competencias. Son competencias da Comisión Permanente:

- 1. Inspeccionar o estado de conservación dos bens e das instalacións.*
- 2. Promover e coordinar actuacións de recuperación, conservación e mantemento dos distintos espazos forestais, vías e estruturas arqueolóxicas.*
- 3. Formular planos de actuación e sometelos á aprobación dos órganos administrativos con competencia na materia.*
- 4. Todos os asuntos que expresamente lle delegue o Pleno do Padroado.*

ARTIGO 9º.

A Comisión Permanente celebrará reunións con carácter ordinario cada catro meses, e con carácter extraordinario sempre que así sexa convocada polo Presidente ou cando o soliciten dous dos seus membros.

Sección Terceira: DO PLENO DO PADROADO

ARTIGO 10º.

Composición. O Pleno do Padroado estará integrado; sen prexuízo de que podan incorporarse representantes doutras entidades administrativas, persoas físicas ou personalidades xurídicas públicas ou privadas no futuro, polos seguintes membros:

- a) Presidente ou Presidenta: o Alcalde ou Alcaldesa do Concello da Guarda segundo o establecido no artigo 5º.*
- b) Vogais:*
 - Un Concelleiro de cada grupo político ou dos non adscritos con representación no Concello da Guarda, nomeados polo Pleno do Concello a proposta de cada un dos grupos políticos constituídos no mesmo.*
 - Dous representantes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos.*
 - Dous representantes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Guarda.*
 - Un membro designado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- *Un membro da Consellería de Medio Rural*
- *Un representante da Deputación Provincial.*
- *Un representante da Entidade Local Menor de Camposancos.*
- *Un representante da Irmandade do Clamor.*

ARTIGO 11º.

O Pleno do Padroado reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano e en sesións extraordinarias sempre que sexa convocado polo seu Presidente ou Presidenta ou cando o soliciten a cuarta parte dos seus membros.

ARTIGO 12º.

Son competencias do Pleno do Padroado as seguintes:

- a) control e fiscalización dos órganos de goberno.*
- b) A aprobación e modificación dos orzamentos, e a aprobación das contas, para elevalas ao Pleno do Concello para a súa aprobación definitiva.*
- c) A disposición de gastos en materias de competencia do Pleno.*
- d) A aprobación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo e a fixación da contía das retribucións fixas e periódicas, para levalos ao Pleno do Concello para a súa aprobación definitiva.*
- e) Fixar a contía do prezo público correspondente á visita ó Conxunto Histórico Monte santa Trega, debendo ser aprobada definitivamente polo Pleno do Concello.*
- f) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento, salvo as de tesourería, que le corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- g) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstas no orzamento.*
- h) Formar o inventario do Padroado e mantelo actualizado mediante a súa rectificación anual.*
- i) Aprobar os convenios de colaboración con outras entidades, públicas ou privadas.*
- j) Reformar os presentes estatutos.*
- k) Aprobar as normas de réxime interior e servizos do Padroado con arranxo aos conceptos legais e procedementais*
- l) Propoñer concesións para aproveitamento de bens afectos ó Padroado, as que se levarán a cabo previa aprobación polas propias Xuntas Veciñais de Montes en Man Común e conforme a lexislación da súa referencia.*
- m) Ratificar ou rectificar acordos doutros órganos de goberno do Padroado que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros adoptados polo Pleno do Padroado.*
- n) Todas aquelas facultades que non lle estean expresamente encomendadas e que de forma expresa lle atribúa a normativa vixente sobre organismos autónomos.*

ARTIGO 13º.

Os cargos da Comisión Permanente e do Pleno do Padroado non percibirán retribucións específicas, sen prexuízo de que os seus membros poidan percibir aquelas que en concepto de desprazamento e dietas ou por dedicación especial se acorden.

Todos os membros dos órganos de goberno do Padroado exercerán o seu mandato mentres ostenten a representación do cargo polo que foran elixidos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 14º.

En todo o relativo á convocatoria, celebración e funcionamento a Comisión Permanente e o Pleno do Padroado suxeitaranse ó disposto nestes Estatutos, e con carácter supletorio ó que estableza a normativa de réxime local.

CAPÍTULO III.- DO PERSOAL DO PADROADO

ARTIGO 15º.

O persoal ó servizo do Padroado estará integrado por:

- a) Secretario ou secretaria. Será o/a do Concello. As súas funcións serán as establecidas con carácter xeral no regulamento de Funcionarios de Habilitación Xeral, correndo a cargo do Padroado o abono das súas funcións.*
- b) Interventor ou interventora. Será o/a do Concello. As súas funcións serán as establecidas con carácter xeral no Regulamento de Funcionarios de Habilitación Xeral, actuando tamén como tesoureira, correndo a cargo do Padroado o abono das súas funcións.*
- c) Outro persoal. O seu número, categoría, funcións e soldos determinaranse no cadro de persoal aprobado polo pleno do Concello. Estará integrado polo persoal laboral contratado polo Padroado de conformidade coas normas que para este tipo de persoal se obriga aos entes locais e os soldos e emolumentos estableceranse anualmente polo Padroado e figurarán en documento anexo ós orzamentos do mesmo, correndo en todo caso a cargo dos citados orzamentos.*

CAPÍTULO IV.- PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 16º.

O Patrimonio do Padroado estará constituído por:

- a) capital fundacional 6000 €*
- b) Polos demais bens que o Padroado adquira por calquera título lexítimo.*

ARTIGO 17º.

Os recursos económicos do Padroado estarán constituídos por:

- a) As doazóns ou subvencións que reciba de calquera entidade pública ou privada.*
- b) Polas tarifas aplicables ós servizos que presta, incluído en todo caso o prezo público da visita ó Monte Santa Trega.*
- c) Por calquera outro ingreso que puidera corresponderlle.*
- d) Polo importe dos anticipos e préstamos que obteña.*

ARTIGO 18º.

Para acudir a operacións de crédito o Padroado deberá cumprir a totalidade da normativa aplicable ao endebedamento das entidades locais, sendo competencia do Pleno ou do Presidente a súa concertación segundo a distribución de competencias establecida nos artigos 6 e 12 dos Estatutos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 19º.

O orzamento do Padroado será formado polo seu Presidente e ao mesmo deberá unirse a totalidade da documentación esixida no artigo 168.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, debendo remitirse antes do 15 de setembro de cada ano ao Concello.

Para a elaboración do orzamento consignaranse os créditos necesarios para atender a totalidade das obrigas do Padroado e os ingresos que se vai estimar percibir no exercicio.

A diferenza entre os gastos obrigatorios e as previsións totais de ingresos, destinarase a partes iguais entre as comunidade de montes que teñan representación no Padroado e o Concello, de conformidade co seguinte procedemento:

1.- Consignarase nos orzamentos no capítulo 4 o 50% da cantidade destinada ás transferencias ás entidades anteriores e no capítulo 7 o outro 50%.

2.- Antes do 30 de xuño do exercicio seguinte, cada unha das entidades deberá presentar un proxecto de gastos a realizar no Padroado coa cantidade consignada no Orzamento para as mesmas, que deberá reverter en actuacións de limpeza, conservación e melloras no Monte.

3.- O presidente do Padroado aprobará o proxecto presentado por cada unha das entidades e levará a cabo as modificacións de crédito necesarias no orzamento para poder afrontar o pago a cada unha delas.

4.- Antes do 15 de decembro de cada ano, e para que o Padroado proceda a transferir a cantidade consignada nos orzamentos para as transferencias finalistas, o Concello da Guarda e as comunidades de montes que pertencen ao Pleno do Padroado deberán presentar:

- Certificado de atoparse ao corrente no pago das obrigas co Estado, Xunta, e Seguridade Social.*
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas.*
- Memoria final detallada das obras ou servizos efectivamente realizadas de conformidade co proxecto aprobado no seu día polo Presidente.*
- Memoria económica que inclúa resume detallado dos gastos efectuados na realización do proxecto.*
- Orixinais e fotocopias das facturas, recibos, nóminas, tributos e cotas á Seguridade Social e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa correspondentes á subvención concedida. Así mesmo acompañarase xustificante de terse realizado o pago dos mesmos, pago que deberá efectuarse mediante transferencia bancaria.*

ARTIGO 20º.

O Padroado realizará e aprobará antes do 15 de febreiro de cada ano a liquidación do orzamento do ano anterior e en unión coa totalidade da documentación esixida no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o elevará ao Concello antes do 20 de febreiro seguinte.

ARTIGO 21º.

O Padroado poderá transferir os bens adquiridos polo mesmo co propósito de devolvelos ó tráfico xurídico, de acordo cos seus fins peculiares e coas limitacións, en canto a bens inmoables, que establece a Lei 13/I.989, de 20 de outubro, aprobada polo Parlamento Galego, e sempre que estes entrasen a formar parte da cualificación e natureza xurídica que lle foi asinada ao Monte Santa Trega, en aplicación desa Lei e resolución clasificatoria do xurado Provincial.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CAPÍTULO V. FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 22º.

O Concello poderá suspender os acordos do Pleno do Padroado cando estime que recaen sobre asuntos que non sexan da súa competencia ou constituían infracción manifesta das leis. A fiscalización e réxime de suspensión e impugnación dos acordos queda sometida ó réxime xeral establecido para os acordos das Corporacións Locais.

ARTIGO 23º.

O Concello da Guarda poderá examinar en calquera momento por medio dos seus funcionarios e técnicos a marcha dos servizos administrativos e contables do Padroado e comprobar a correcta aplicación dos medios económicos e materiais que se lle tiveran facilitado.

ARTIGO 24º.

Os acordos do Pleno do Padroado non necesitarán ser ratificados polo Concello, a non ser que así se determine nestes Estatutos ou veña preceptuado por imperativo legal.

ARTIGO 25º.

Os acordos dos órganos reitores do Padroado non implicarán compromiso ningún para o Concello da Guarda máis alá do establecido na lexislación vixente, e se son adoptados en contradición con ela ou con estes Estatutos, serán responsables ós seus efectos económicos e de toda índole, as persoas que os votasen favorablemente.

ARTIGO 26º.

A Comisión e o Pleno do Padroado celebrará sesións ordinarias coa periodicidade que se establece nos artigos 9 e 11º. A convocatoria da Comisión e do Pleno corresponden ó seu Presidente e efectuaranse cunha antelación mínima de cinco días hábiles, agás as urxentes. As convocatorias acompañaranse da acta ou actas que deban ser aprobadas na sesión. Os expedientes da sesión estarán a disposición dos membros dos órganos colexiados desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría deste organismo autónomo para o seu exame e consulta.

ARTIGO 27º.

A válida celebración das sesións da Comisión Permanente requirirá a presenza de todos os seus membros. De non asistir todos eles será suficiente a presenza de dous dos seus membros en segunda convocatoria que se reunirán media hora máis tarde. Os asuntos aprobaranse por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o voto de calidade do Presidente.

ARTIGO 28º.

A válida celebración das sesións do Pleno requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus compoñentes, en primeira convocatoria, e un mínimo de cinco membros en segunda convocatoria, media hora máis tarde. Os asuntos aprobaranse por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o voto de calidade do Presidente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 29º.

En todo o non previsto nos artigos anteriores no relativo ó funcionamento do Padroado, rexerán as disposicións de réxime Local, que regulan o funcionamento do Pleno do Concello.

ARTIGO 30º.

Os acordos do Pleno do Padroado e as resolucións do Presidente serán recorribles en alzada ante o Presidente da mesma, e os deste esgotarán a vía administrativa e serán executivos e impugnables ante os Tribunais competentes.

CAPÍTULO VI.- FACULTADES DE TUTELA DO CONCELLO

ARTIGO 31º.

O Concello exercerá a facultade de tutela mediante a aprobación por parte dos órganos que ao mesmo lle corresponden, e comprenderá as seguintes actuacións do Padroado:

- a) Os plans xerais e programas periódicos de actuación*
- b) cadro de persoal e as súas modificacións*
- c) A resolución das competencias e conflitos entre os órganos do Padroado*
- d) Os consorcios, convenios e concertos que teñan como finalidade as finalidades que se sinalan no art. 2 dos presentes estatutos e, a celebrar cos órganos da Administración Central, Periférica, Autonómica ou Local, ou en xeral calquera Corporación Pública.*
- e) Os orzamentos do Padroado*
- f) Regulamento de Réxime Interior*
- g) A liquidación do orzamento e as contas anuais*
- h) A apelación do crédito e a emisión de obrigacións*
- i) Os demais supostos de tutela recoñecidos no articulado destes estatutos*

Esta función de tutela efectuarase en todo caso sen esquecer á que corresponden á administración autonómica ou estatal, ás que deberán someterse as actuacións previstas no Monte cando a lexislación así o esixa.

CAPÍTULO VII.- DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO PADROADO

ARTIGO 32º.

A modificación destes Estatutos axustarase ós mesmos trámites esixidos para a súa aprobación.

ARTIGO 33º.

O Padroado constitúese por tempo indefinido e poderá ser disolto:

- Cando o considere oportuno o Concello, con base nas facultades de aprobar as formas de xestión dos servizos que lle atribúe a vixente Lei de Bases de Réxime Local.

- Por terse realizadas as finalidades para as que se constituíu ou por ser xa imposible, aplicar a estas as actividades e os medios dos que dispoña, conforme establece o artigo 39º do Código Civil.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 34º.

Unha vez extinguido o Padroado, reverterán nas Comunidades de Montes que pertenzan ó Padroado todos os dereitos reais e persoais que se constituirán ó amparo da presente situación, atribuíndo a titularidade dos mesmos á comunidade propietaria dos terreos onde se estableceran tales dereitos, e establecendo neste caso, as compensacións económicas respecto da outra comunidade para o suposto de que se establecese unha substancial diferenza económica por tal motivo.

E, en canto ós demais bens e dereitos que conforman o patrimonio do Padroado e que non estean ou pertenzan ós Montes Veciñais de Camposancos ou da Guarda, repartiranse a partes iguais entre o Concello da Guarda e as Comunidades de Montes que pertenzan ó Padroado. Debendo así mesmo quedar desafectados todos aqueles bens, dereitos e accións que formen parte integrante dos montes veciñais, dos que o ámbito territorial comprende o mesmo Padroado.

DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 35º.

Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación definitiva e tras cumprimentar os trámites de información pública e audiencia ós interesados ós que fai referencia o art. 49 de LBRL.

A modificación dos mesmos aterase ós trámites legais obrigados e poderá ser proposta polo Padroado ou por iniciativa do propio Concello.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincial polo prazo de 30 días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo Pleno do Concello, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial, debéndose proceder, en todo caso, á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro dos Estatutos.

*A Guarda, 18 de maio de 2016.
O Alcalde*

Antonio Lomba Baz”

2.- Ordena-la publicación nos boletíns oficiais correspondentes.

Na Guarda, a 18 de maio de 2016.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz”

A señora Iglesias Ferreira que se trata dun tema de fai bastante tempo e que vai manter a súa postura anterior, había un interese común para modificalos pero non se chegou ó entendemento desexado, os propietarios presentaron alegacións e non foron atendidas, non vai aprobalos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Regresa o señor Español Otero, 20:47 horas).

O señor Rodríguez Fariñas di que xa na Comisión Informativa se puxo de manifesto que os técnicos tiñan dúbidas, cre que a conversión nun organismo autónomo lle resta poder ós propietarios do Monte e fai que funcione peor. Se falou de pedir un informe xurídico, a secretaria comentoulle que hai un tempo había feito un estudo pero non o viron, e pide que se deixe sobre a mesa. Da lectura ó informe da interventora, que quere que conste en acta: *“Realizada a introdución dos organismos autónomos así como a lexislación que a regula resulta moi difícil informar a esta intervención as alegacións formuladas á modificación dos estatutos, xa que dunha simple lectura do articulado legal pode que o Padroado Monte Santa Trega non se axuste á definición de organismo autónomo”; “o problema en definitiva que a xuízo desta intervención debería facerse un estudo da adaptación da xestión do Padroado Monte Santa Trega á lexislación actual, e as modificacións que se pretenden levar a cabo dos estatutos parten dunha figura que a xuízo desta intervención debe estudiarse”. Remata dicindo que “as dúbidas que plantexa a propia definición de organismo autónomo así como a consulta anterior impiden a esta intervención informar favorablemente a inclusión de novas entidades, recomendando que todas estas cuestións se analicen e estudien pola asesoría xurídica do Concello”.* O señor Rodríguez Fariñas cre que debera ser a secretaria do Concello. Continúa lendo o informe, que sinala que *“ polo que se refire ó procedemento para a aprobación definitiva dos estatutos, dado que en providencia da Alcaldía solicitábase informe de intervención, remítome ó folio 45 do expediente”; “en definitiva, son moitas as dúbidas legais que plantexan a esta intervención as alegacións realizadas ó estatuto e o que desexaría é que se revisasen pola asesoría xurídica do Concello a fin de que non se adopte polo Pleno acordos que puideran non ser acordos con esta normativa. De continuar co procedemento esta intervención entende polos motivos indicados que non procede a inclusión de novas entidades nun organismo autónomo local e emitir nota de disconformidade”.* Di que en previsión de calquera cousa, e dado que a interventora di que non se está facendo ben, votará en contra.

O señor Baz Vicente di que o informe da interventora xenera dúbidas, ten que deixarse sobre a mesa, mentres non se resolvan. Engade que hai aportacións do BNG que non se atenderon, como facer as reunións máis periódicas, e polo tanto votarán en contra.

A señora Ortega Martínez di que xa o dixo na Comisión de Asuntos Plenarios, o bosque non deixa ver as árbores, o importante é o monte, necesitan que isto empece a funcionar e que se mellore todo, as súas condicións, aproveitar o momento histórico deste ano en relación co xacemento de Mergelina, e pensa que o que existe son loitas internas.

Intervén o señor Crespo González e di que despois de 23 anos de existencia do Padroado é necesario renovalo e mellorar, era unha opción unánime no Padroado actualizar os estatutos, e no ano 2014 entraron nunha fase na que se deron pasos, houbo reunión e o resultado foi un texto, que o Padroado e o Pleno do Concello aprobaron. En canto ás alegacións, se recollen algunhas. Se contempla unha comisión permanente que oficializa algo que xa se viñan facendo coas decisións que se tomaban. En relación coas peticións de interese económico, cos anteriores estatutos a interventora considera que o reparto só pode destinarse a investimentos. Atendendo a outras cuestións, se recolle a posibilidade de gastar os cartos tamén en mantemento. En relación coa entrada doutras entidades, se abren as portas a súa incorporación, pero non se di que entren automaticamente. Se falan da modificación dos estatutos vixentes, a primeira intervención no padroado foi preguntar se querían un padroado municipal, e ninguén dixo que non quería unha organización municipal. Falar da existencia do padroado ou cuestionalo é outra historia.

Intervén o señor Alcalde e di que isto xa veu ó Padroado e a este Pleno, neste punto o que están facendo é resolver as alegacións. No informe da interventora hai recomendacións e interpretacións, que poderán plantexarse despois, agora o que deben facer é xestionar o monte, que é o que debería estar facendo o Padroado. Non sabe que sairá disto, pero co texto actual e dende a chegada desta interventora, as Comunidades de Montes tiñan problemas para adicar os cartos a outras cousas que lles interesaban, e así logran unha mellor



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

xestión entre as Comunidades de Montes e o Concello, cre que isto mellorará as relacións, independentemente de que despois se plantexen outras cuestión. Cre que é unha demanda das Comunidades de Montes, eles o entenden así, non houbo oposición frontal. Os estatutos non son a pedra filosofal, a xestión é o verdaderamente importante, o que hai que facer é empezar a aproveitar o momento para xestionar.

O señor Rodríguez Fariñas di que iso queda moi bonito, as Comunidades de Montes están desesperadas por cobrar, levan dous anos sen cobrar, e agora parece que se lles di que se aproban os estatutos este ano lles dan 18.000 euros, pan para hoxe e miseria para mañán. Sinala que nos estatutos non hai un procedemento para incorporarse, e repite que votará en contra.

O señor Español Otero di que o señor Rodríguez Fariñas se aferrou a un informe da interventora, que xa informou dúas veces os estatutos con anterioridade, e non se pode entender que despois de todo agora pase isto, se contraponen os dous informes en ningún momento dixo nada. En relación coa entrada doutros entes, como sería o caso de Salcidos, ninguén o cuestionou ata agora. Di que hai consenso e por fin se vai tirar para adiante. Considera que hai certa satisfacción nas Comunidades de Montes e lle sorprende a postura do BNG, pois aquí se persegue un fin maior, e se o deixan sobre a mesa continuarán vixentes os actuais estatutos, que prexudican ás Comunidades de Montes.

O señor Baz Vicente di que é camarero, non é interventor, e ten dúbidas co informe da interventora, pero non está en contra do Padroado.

O señor Rodríguez Fariñas pregunta por qué se plantexan esas dúbidas, e di que é porque cambiou a lei, e pregunta á secretaria se é legal.

Intervén o señor Alcalde e di que o que aquí se discute son as alegacións.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (catro votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (cinco abstencións)

(Sae o señor Álvarez Carrero, 21:10 horas).

PUNTO 6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN MARÍTIMA A PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA (PROVIDENCIA DE INICIACIÓN)

Vista a memoria da concelleira delegada en relación coa contratación da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, e resultando de gran interese a prestación deste servizo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- INICIA-LA contratación da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, por procedemento aberto, cunha duración dende o inicio da prestación do servizo ata a data na que finaliza a vixencia do Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe (en data 9 de xuño de 2029) e un canon anual de 7.000 euros.

A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo a instalación, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe, no Concello de A Guarda, que asumiu a súa explotación e o custo da conservación, mantemento e, no seu caso, mellora, mediante a licitación, contratación e execución das obras necesarias a tal efecto, en virtude de Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe en data 9 de xuño de 2004, o cal xustifica a súa contratación.

2.- Solicitar a emisión de informes por parte dos servizos económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato.

A Guarda , 18 de maio de 2016

O Alcalde

Asdo. Antonio Lomba Baz”

O señor Alcalde explica que se trata de dar comezo outra vez a este proceso.

A señora Iglesias Ferreira di que esperarán ós pregos, xa se fixera moito traballo e oxalá que á terceira se consiga, pois son unas instalacións que deben aproveitarse. Votará a favor.

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor.

(Sae o señor Rodríguez Fariñas, 21:15 horas).

O señor Baz Vicente di que non están a favor desta xestión, queren unha xestión directa, e se van abster.

A señora Ortega Martínez di que van a apoiar a proposta, se verá se o canon pode pagarse por partes, e di que queren saber o estado das instalacións. Pensa que é positivo que estea aberto, aínda que considera que será complicado que comece a funcionar a principios de verano.

(Regresan os señores Álvarez Carrero e Rodríguez Fariñas, 21:16 horas).

O señor Español Otero di que as instalacións poden velas cando queiran, e agradece a abstención do BNG, pero di que a lei non permite agora facer este tipo de contratacións para a xestión directa.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Baz Vicente e Martínez Vázquez (dúas abstencións)

PUNTO 7.- DAR CONTA DO ENVÍO Ó MINISTERIO LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2015.

O señor Alcalde da conta do envío da liquidación do orzamento 2015 dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 8.- DAR CONTA DA RENDICIÓN Ó MINISTERIO DO 1º TRIMESTRE DO 2016.

O señor Alcalde da conta da rendición ó Ministerio do 1º trimestre 2016 do Concello, dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 9.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO, INFORME DE MOROSIDADE DO 1º TRIMESTRE 2016.

O señor Alcalde da conta do período medio de pago informe de morosidade 1T/2016, dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 10.- DAR CONTA ISPA 2016.

O señor Alcalde da conta da ISPA 2016, dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 11.- DAR CONTA DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS.

O señor Alcalde da conta do PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS, dándose por enteirados os membros presentes da Corporación.

PUNTO 12.- DAR CONTA DA RENUNCIA Á DEDICACIÓN PARCIAL DE DONA MONTSERRAT MAGALLANES ÁLVAREZ.

O señor Alcalde da conta ra renuncia presentada pola señora Magallanes Álvarez.

O señor Rodríguez Fariñas pregunta por que se tardou tanto en traelo, contestando o señor Español Otero que a renuncia ó salario se produce no momento en que pasa a ser deputada provincial. Os servizos de intervención dixerón que non era necesario levalo a aprobar a Pleno e agora lles din que hai que dar conta. Non foi por ocultar nada.

O señor Rodríguez Fariñas pregunta por que tardaron un ano, e o señor Español Otero volve a dicir que en intervención lles dixerón que non debía ir a Pleno.

A señora Iglesias Ferreira di que tiña dúbidas sobre este asunto, pois outras veces veu ó Pleno, e pregunta qué significa a renuncia e se no caso de que houbera unha reiniciación debería vir ó Pleno.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que a señora Magallanes Álvarez non pode compatibilizar os soldos, polo que dende ese día se aforra esa dedicación, e non se lle deu publicidade por todos os palos que levaron. A interventora e o secretario accidental non consideraron que deberá vir ó Pleno, e agora se incorpora a secretaria e di que debe darse conta, se ben se trata dun feito consumado.

A señora Iglesias Ferreira di que hai un ano se facían as cousas doutra forma, e coa renuncia do señor Domínguez Freitas ó seu salario pensa que se votou, e era curioso, porque no caso de non prosperar non podería renunciar. Nos decretos de marzo ela detectou a renuncia da señora Magallanes Álvarez, preguntou á interventora que lle dixo que creía que tiña que ir a Pleno.

(Sae o señor Alonso Álvarez, 21.30 horas)

O señor Español Otero di que estiveron sen secretaria e cando se produce o feito se fala cos técnicos e consideran que non debe levarse a Pleno.

O señor Alcalde di que á señora Iglesias Ferreira sinala que a renuncia se recolle nun decreto, e tal vez estamos metendo á pata, pois nalgún Pleno se deu conta dese decreto, estaríamos dando conta dúas veces.

(Regresa o señor Alonso Álvarez, 21.31 horas)

PUNTO 13.- MOCIÓNS:

1. RE nº 2144 de CG.- Solicitud urxente á Administración da eliminación do carril bici Oia-A Guarda.

O señor Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

“Dende inicios do ano 2012, presentamos diante das autoridades locais, (concellos implicados) e autonómicas, diversos escritos e reportaxes fotográficos das probas de peligrosidade que estivemos topando no tramo da estrada PO-522 dende Oia ata A Guarda, así como os puntos máis críticos que nos foi sinalando un membro do Clube Ciclista Guardes, que nos acompañou o longo do traxecto, e que compartiu conversa con veciños/as, paseantes, e tamén con algún automovilista que parou a nosa veira.

A resposta de tódolos implicados nas administración, foi silencio absoluto, e a mesma queixa a diriximos DOUS (2) ANOS despois, a raíz dún dos accidentes ocorridos naquela estrada pola falla e visibilidade nos accesos dende as vivendas, e a perigosidade que significaba para os ciclistas e peóns que rodaban ou caminaban polo "carril-bici"

Por unha banda, unhas murallas e unha pendiente tan marcada que obrigan aos vehículos subir a "punta de gas " e invadir a cegas o carril, e que en bastantes ocasións teñen provocado grandes sustos, aínda ca sorte de non acontecer ningún accidente grave.

Pola outra banda, unha "cadea " de bordillos que separan os espazos rodados para ciclistas e vehículos, donde sempre "pagan" os máis débiles, xa que polas choivas e ventos, a fruma, follas e leña queda neste "vial" xa que a limpeza destes refugallos naturais, botan tempo e tempo no lugar, incrementando o risco e a perigosidade, o que obriga en moitas ocasións que os ciclistas se neguen a circular polo carril dada a situación do mesmo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Aos defensores deste tipo de viales, queremos recordarlles o "circuito" deseñado entre Viladesuso e Mougás, donde circula pola dereita, logo atravesada a estrada e faino pola esquerda, pasa por camino de pedra, e logo volve a crucear a estrada e sigue normal, ¡¡iso si que foi un estudo ben profundo!!

A que "ideou" este carril-bici, debería recibir un premio, por haberse equivocado no deseño, pero haber creado o sendeiro do Camino Portugués pola Costa.

Nestes momentos en que a Administración Autonómica está disposta a tomar medidas con este carril que sómente serviu para gastar un "porrón " de cartos en tempos de crise, e seguindo o exemplo dos nosos compañeiros e demais grupos políticos con representación no Concello de Oia, vimos a presentar a seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guarda, ven a solicitar da Xunta de Galicia-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a retirada dos bordillos que delimitan o espazo do carril-bici no termo municipal de A Guarda (e do resto dos concellos por onde transcurre o mesmo) levando a cabo un estudo para garantir a seguridade vial dos seus usuarios/as, tanto a pé como en bici, e principalmente, escoite sobre o terreo a opinión de condutores, paseantes e ciclistas."

O señor Rodríguez Fariñas explica que xa hai tempo que comezaron coa reclamación, o paso do tempo demostrou que o carril bici é perigoso, impide a saída de vivendas, xenera problemas na zona de Mougás, e cre, en relación co ideólogo dese carril bici, que hai xente na cárcere por motivos menores. Di que non serviu para nada, deberían ver outras alternativas e esixir que se faga un estudo de seguridade das súas modificacións, os Concellos deben esixilo á Administración competente, e que se destinen os cartos necesarios, polo que pide apoio e respaldo á moción, xa presentaron escritos con anterioridade.

A señora Iglesias Ferreira di que hai un compromiso da Xunta de retiralos, a moción vai máis alá, e votarán a favor.

O señor Baz Vicente pregunta cómo vai a tramitación.

A señora Ortega Martínez di que van apoiálo, pensa que xa está feito, houbo unha reunión dos Alcaldes coa conselleira de infraestruturas, e coa Dirección Xeral de Tráfico, e vai polo camiño.

Votarán a favor.

Intervén o señor Alcalde para explicar que houbo unha reunión cos Alcaldes de Baiona, Oia e O Rosal, se lle fixo a petición á conselleira e preguntoulles a súa opinión e despois deulles os datos. Pensa que a Consellería quere facer o menor gasto. Di que lle deu a súa proposta, dende Loucenzas a Portecelo ampliar a estrada para arriba e habilitar un arcén. Cando non estean as pezas de formigóns, os ciclistas e peóns e os coches Terán a mesma plataforma, se non se amplía o ancho. Di que anotou a súa consideración, pero é máis custosa. Votarán a favor da moción.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. RE nº 2182 de CG.- Instalación de desfibriladores.

O señor Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

"Xa fai varios anos, con bastante fanfarria, se fixo propaganda como se habían recibido unha serie de desfibriladores para as instalacións deportivas municipais.

Naquela época, por activa e por pasiva, presentamos varios escritos e de xeito oral preguntamos donde se habían instalado e quenes eran as persoas responsables dos mesmos, así como tamén que formación habían recibido, dado que séu uso era en momentos moi críticos e calquer fallo, podería ocasionar un alto risco para a vida de que sufrirá calquer problema cardíaco. Nembregantes, xamais obtivemos resposta nin do Concelleiro de Deportes, non do Alcalde, tanto anterior como actual.

Nos derradeiros anos, todos temos sido testigos do aumento de casos, especialmente no fútbol, de mortes súbitas e outras cardiopatías de gravidade, que en moitas ocasións teñen tido un fatal desenlace, o que pon de manifesto, a necesidade de contar cun desfibrilador e de persoal formado no séu uso. A obrigatoriedade de instalar desfibriladores nos campos de fútbol e en xeral nos edificios públicos, data dún Real Decreto que o Goberno aprobou en marzo do 2009, meses despois da morte de Antonio Puerta.

Gracias a un acordo entre a Liga de Fútbol Profesional e algunhas empresas, todos campos de Primeira e Segunda contan con estes aparellos de xeito obrigatorio. Pero ¿e que pasa co resto das categorías? Creemos necesario, seguindo o Real Decreto de 20 de marzo do 2009, que se garante a presenza do material necesario, neste caso desfibriladores e de persoal formado na súa utilización, en centros deportivos municipais, namentres neles se practique deporte. Trataríase de desfibriladores portátiles semiautomáticos, para que estes poidan ser utilizados polo propio persoal asignados as instalacións deportivas, cún mínimo de formación o respecto, dado que os dispositivos automáticos dirixen a manobra a desenrrolar para a resurrección cardíaca.

Son innumerables os casos nos que por existir na instalación deportiva un desfibrilador, tense salvado unha vida, por elo cada día son máis os Concellos que dotan as súas instalacións públicas con este tipo de aparatos para non ter que lamentar futuras desgracias.

Non debemos esquecer, que ademáis, tanto para operar a nivel local como comarcal, na nosa localidade temos por unha banda, os profesionais do Grupo de Emerxencias Supramunicipais e o voluntariado de Protección Civil, que deberían ser adestrados e formados de maneira urxente no uso destes aparellos, así como tamén aqueles membros da Policía Local que acuden de maneira regular a ditas instalacións.

Por todo o anterior, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación si procede da seguinte MOCIÓN, que consta dos seguintes acordos:

1º. O Concello de A Guarda, tomará as medidas necesarias para que se garante a presenza de equipos D.E.S.A. (Desfibriladores Externos Semi Automáticos) nos centros deportivos municipais e edificios públicos con maior afluencia de persoas, así como a disposición dos equipos das distintas modalidades deportivas cando se trasladan a outros lugares donde as instalacións que van a usar non garanten ter os medios suficientes para atender urgencias deste tipo, sendo acompañados por unha ou dúas persoas que teñan coñecementos do uso dds referidos equipos.

2º. No mesmo senso, o Goberno Municipal, por selección dos clubs, que nomearán as persoas interesadas en prepararse no uso dos sistemas D.E.S.A., realizará cursos de primeiros auxilios e de utilización dos desfibriladores así como tamén a os monitores deportivos e persoal das instalacións deportivas, garantindo a presenza do persoal formado no uso dos sistemas (DESA), naqueles horarios nos que ditas instalacións sexan utilizadas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3º. Así mesmo, se programarán este tipo de curso e preparación para os G.E.S. e P.C. “

O señor Rodríguez Fariñas cre que se entregaron tres desfibriladores, pensa que non saben onde están, o preguntou por escrito e non se lle contestou. Sinala que a raíz da morte de Antonio Puerta se sacou un Decreto en 2009, pero quere saber qué pasa coas categorías inferiores, pois ademais das instalacións deportivas, outras deberían telo, como a praza ou o centro cultural. Di que ó GES e Protección Civil non se lles mira

O señor Alcalde di que tiveron un operativo esta semana, e o señor Rodríguez Fariñas di que deberían facer cursos e ter unha preparación.

A señora Iglesias Ferreira di que se poderían discutir moitos aspectos, hai moitos equipos e categorías, son necesarios, preguntou por escrito sobre o asunto e non lles quedou moi claro. Votarán a favor.

O señor Baz Vicente pregunta se houbo algunha moción deste tipo, pois considera que é importante afondar na seguridade dos deportistas, e canto máis áxiles sexan moito mellor. En relación cos curso, igual os GES poden ser os que os impartan, hai algún membros que poden dalos.

A señora Ortega Martínez di que isto aumenta a seguridade e votarán a favor.

Intervén o señor Crespo González e di que os desfibriladores están onde sempre, os clubs os recolleron: Robaleira, Balomnán e Guardés de fútbol. A financiación foi do 50% Deputación e 50% Concello, e incluía unha formación, foi xente de Robaleira e traballadores municipais. Posteriormente se tratou de facer un curso, que o xestiona é o 061, pero as cuestión económicas o complicaron.

O señor Baz Vicente di que o GES vai poder impartilos.

O señor Crespo González sinala que están de acordo en ampliar o número de desfibriladores, e un dos sitios axeitados sería a piscina municipal.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

3. RE nº 2934 do PP.- Moción para instar ao goberno municipal que figure na orde do día dos Plenos ordinarios un dar conta do informe de xestión dos asuntos municipais dende o último Pleno.

(Sae o señor Rodríguez González, 21:50 horas).

A señora Ortega Martínez da conta da seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do 26 de xuño de 2015, a voceira do Partido Popular pediu que, xa que non é posible asistir ás reunións da Mancomunidade, que polo menos se nos informe dos acordos. O voceiro do PSOE, segundo figura no acta, nos responde que "por suposto".

Pois a realidade é que pasou un ano, e non sabemos ni n dos acordos das reunións da Mancomunidade, nin das reunións e xestións coa Deputación, ni das reunións coa Xunta de Galicia, ou calquera outro organismos. Enterémonos pola prensa dos acordos, que son de interese para A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

En moitos plenos douiros concellos, o Alcalde inclúe un punto no que informa á corporación das xestións realizadas dende o último pleno. Nos consideramos que como oposición debemos estar informados, e sería apropiado incluír este punto na orde do día dos plenos ordinarios. Non só pola nosa labor de oposición, senón como moitas veces manifestou este grupo municipal, polo apoio que podemos dar a todas as iniciativas que podan ser importantes para a nosa vila.

A noso grupo municipal senté certa frustración cando se coñece de acordos na prensa, en actos públicos noutros concellos ou noutras administracións. Poderíamos dar exemplos de todas as cuestións importantes que nos enteramos nun ano pola prensa ou de outros xeitos, pero non é a cuestión, só buscamos que o noso Alcalde informe á corporación.

Non pensamos que sexa un tarefa moi laboriosa, que o alcalde redacte nun breve resumo ou de forma esquemática, as peticións de reunión importantes, e os temas que tratou cando foi recibido, as respostas que recibiu, os convenios que asinou etc.. Pode haber outros temas de interese que considere o Alcalde e que deben ser incluídos nese pequeno informe de xestión.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

1.- Que cando se redacte a convocatoria do Acta de pleno ordinario se engada un punto sobre dar conta da xestión do Alcalde, ou persoa na que delegou nesas reunións, eos diferentes organismos supramunicipais e administracións públicas.

2.- Que sexa o Alcalde ao chegar a ese punto do orde do día, o que dé conta das xestións realizadas dende o último pleno.”

A señora Ortega Martínez pon exemplos, como o mantemento do servizo de Protección Civil, quere que o señor Alcalde lle informe cada dous meses.

A señora Iglesias Ferreira di que votara en contra, non é obxecto de Pleno e non ten operatividade, pois hai outros instrumentos para ter esa información.

(Regresa o señor Rodríguez González, 21:52 horas).

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor.

O señor Baz Vicente di que non entenden o que busca a moción, pide un dar conta e sempre será cada dous meses, polo que non é operativo, o que se ten que buscar é un diálogo máis habitual e permanente, que se lles chame máis habitualmente, e pon como exemplo o Concello de Tomiño, que para o Plan Concellos se chamou á oposición e lles fixeron unha presentación. Se van abster.

O señor Alcalde di que non lle ve operatividade, as veces non se conta todo na prensa e cre que é bo, el é de contar, pero as veces queda escamado. Insiste en que non lle ve operatividade e votará en contra.

O señor Rodríguez Fariñas pregunta ó señor Alcalde con qué grupos se reúne que cando lles conta algo están na prensa, contestando o señor Español Otero que por qué ten que contalo, e di que co señor Rodríguez Fariñas non se reúne.

A señora Ortega Martínez di que respecta todas as opinións, hai reunión das que non se enteran ou se enteran por outros Alcaldes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez e Rodríguez Fariñas (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González e Iglesias Ferreira (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Baz Vicente e Martínez Vázquez (dúas abstencións)

A moción non prospera.

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 21:55 horas).

4. RE nº 2935 do PP.-Moción para instar ó goberno municipal a sacar a concurso público con publicidade a contratación dunha empresa redactora do PXOM de A Guarda.

A señora Ortega Martínez da conta da seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes decembro de 2015, o Sr. Alcalde convocou unha comisión de Urbanismo cos grupos da oposición onde amosou a súa pretensión de levar a pleno a aprobación inicial do PXOM de A Guarda. Naquela xuntanza decidiuse por maioría un dictamen negativo para levar a pleno a aprobación inicial do Plan Xeral. Entre outros motivos, o partido popular votou en contra por non existir empresa redactora.

A pesares de saber que a aprobación inicial non sairía adiante, o Sr. Alcalde convocou un Pleno extraordinario onde quedou publicamente patente o seu empecinamiento por levar adiante un PXOM para A Guarda sen actualizar, incumprindo varias leis como a de Montes e a de Carreteras, e con erros evidentes que o grupo popular puso de manifestó na reunión coa empresa redactora Consultora Galega. Dita empresa amosou esta necesidade nun documento que está no rexistro do Concello, no momento de solicitar a rescisión de contrato de mutuo acordo.

A conclusión é que non hai empresa redactora porque ante a necesidade de modificar por erros e por actualización o plan redactado fai anos, non houbo acordó económico entre a empresa redactora e o concello.

O Partido Popular presentou esta mesma moción nun pleno anterior, e considerou a proposta de retirala hasta que entrase en vigor a nova lei do solo a petición do grupo de gobernó, xa entrou en vigor o pasado 19 de marzo, e volvamos a traela a pleno.

Todos os grupos, ao igual que manifestou en pleno o equipo socialista, queremos ter o antes posible un Plan Xeral que cumpra coas esixencias dos guardeses e se adapte a realidade da nosa vila, cumprindo ademáis eos requirimentos dos organismos implicados, e por suposto coa lexislación vixente. A condición esencial para avanzar con éxito no noso PXOM, é contratar de inmediato unha nova empresa redactora.

Ese é o primeiro paso que debemos dar sen demora.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Coa aprobación da Lei do Solo de Galicia, todos os concellos sairemos ganando en canto a axilidade na tramitación dos Plans Xerais, por iso a estratexia que están facendo noutros municipios é non "parar as máquinas", senón darlle "avante a toda" para non perder máis tempo e cartos. A única forma de avanzar é a contratación dunha nova empresa redactora, á maior brevidade posible.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno e en especial o alcalde e responsable de Urbanismo, convoquen de inmediato a concurso con publicidade a contratación dunha empresa redactora que realice o PXOM de A Guarda."

A señora Ortega Martínez di que lle pediron que retirase a moción mentres non saía a nova lei do solo, e agora saben que o contrato con Consultora foi rescindido, facéndolle uns pagos á empresa a pesar de que a interventora pensaba que non debían pagarlle, e saben que nestes momentos non hai empresa redactora e queren que se proceda á súa contratación, para dotar do PXOUM á Guarda.

O señor Rodríguez Fariñas di que o Concello non deixou de ter PXOUM, pois o ten vixente, o importante sería discutir as liñas do PXOUM, non lle preocupa tanto ter contratada a súa redacción, pensa que previamente deben falar do tipo de pobo que queren, é necesario e debe ser claro.

(Regresa a señora Iglesias Ferreira, 22:00).

A señora Iglesias Ferreira di que o inicio do concurso público para a redacción do PXOUM sería a vontade de consenso, de pouco serviría sacalo se o goberno está en minoría e non hai consenso, e ademais deben saber se hai partida económica e se é viable.

O señor Baz Vicente di que fai falta retomalo e contratar unha nova empresa, se precisa un diálogo serio e honesto, houbo reunións e pasou un ano, o pobo empeorou e non hai novo plan, e os orzamentos están prorrogados porque non houbo diálogo.

Intervén o señor Alcalde e pregunta ó PP a razón da premura, contestando a señora Ortega Martínez que quere saber se o equipo de goberno vai facer algo en relación con este asunto, pois chega o momento de facer algo, alguén ten que debuxalo, ten que haber unha empresa contratada, e se o Alcalde quere paralo que o diga.

O señor Alcalde di que el tiña o compromiso de sacalo adiante, o levaron a aprobación inicial, e pensa que a pena foi non habelo levado antes. El non quedou convencido da argumentación en contra que se deu. Di que se levou unha sorpresa cando a recomendación da Directora Xeral era que se aprobara inicialmente.

A señora Ortega Martínez di que a Directora Xeral non vive na Guarda.

O señor Alcalde di que se reuniu co PP, a recomendación era a aprobación inicial e logo facer alegacións, e esperou ata o último día, estaba disposto a convocar un Pleno extraordinario urxente, pero a non aprobación inicial implicaba a perda de cartos e cando se volva a redactar se pagará polo Concello. Cre que antes de presentar unha moción deberan preguntar se hai cartos, tendo en conta que o orzamento está prorrogado. El ten claro que tiña presa porque ten que haber un novo PXOUM para A Guarda, o que se ía aprobar era anterior á Lei do Solo, se abarataba o custe do documento, e el tiña a esperanza, porque así o aseguraban ne determinados círculos, que algunhas das casas que teremos que tirar pola anulación da súa licenza se podían salvar. Pero a presa se lle acabou, hai que ter un consenso ó final, non previo. Isto o que significa é " gastarse politicamente " e perder o apoio dos veciños,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Ortega Martínez di que á velocidade á que vai para redactar a ordenanza do GES, pois non se fixo nin o informe, así van as cousas.

O señor Alcalde di que o PXOUM comezou no ano 2002, e en catorce anos non o sacaron, a señora Ortega Martínez di que podería sacalo en dous anos, pero el pensa que non. Se tratou de negociar, tender pontes co BNG, se intentou

O señor Baz Vicente di que as cousas deben madurarse e polo que ve aínda van tardar máis en madurar.

O señor Alcalde di que os grupos xa manifestaron a súa postura ó comezo da lexislatura, pensou que podería saír adiante, e agora non ten a mesma presa, non ten os cartos e confía pouco en que sexan capaces de sacalo adiante.

A señora Ortega Martínez pide que non lles bote a culpa, tiveron reunións con Consultora Galega cando había meses que presentara a súa renuncia, perderon o tempo.

O señor Alcalde di que cando se dean as circunstancias económicas e vexan vías de prosperar o farán.

A señora Ortega Martínez pide que diga claramente se o problema son os cartos ou que o equipo de goberno non ten interese en aprobalo para non perder determinados apoios.

Intervén o señor Español Otero e di que a el non lle da igual, claro que lles interesa, pero lles pregunta para chegar a qué, aínda non o sabe, terán que poñerse de acordo co modelo que queren, a pena non foi traelo antes, e hai que ter o que hai que ter, non vale facer defensa de intereses privados, senón de intereses xerais.

Pregunta a señora Ortega Martínez se lle está acusando de ter intereses privados, contestando o señor Español Otero que cre que si estaba presionada.

A señora Ortega Martínez di que eles puxeron condicións e non se cambiou nada

O señor Español Otero di que as únicas argumentacións que se puxeron sobre a mesa foron por parte da outra compañeira do grupo do PP, e se esgrimiron argumentos dicindo que aprobar o plan implicaba un deterioro político, pero é así, hai que desgastarse.

A señora Ortega Martínez di que este o tema foron eles quen máis responsabilidade tiveron e máis horas dedicaron, o que non foi responsable foi non dicir que a empresa renunciara e que se os veciños presentaban alegacións non tiñan quen as resolvera.

O señor Español Otero di que con Consultora ou sen ela se podía continuar, pois cabía contratar a outra empresa para contestar as alegacións, contestando a señora Ortega Martínez que non ía votar o PXOUM que non estaba actualizado conforme á lei e que tiña erros técnicos manifestos, dicindo o señor Español Otero que “*menuda Directora*”.

O señor Rodríguez Fariñas di que o Alcalde non pode dicir que o PXOUM salvaba as casas.

O señor Alcalde di que le non dixo iso.

O señor Rodríguez Fariñas di que non poden trasladar a responsabilidade desas demolicións á oposición, esas casas hai que demolelas, non se poden facer cambios lexislativos para evitalo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que algunha xente con coñecementos dicía, e el tiña a esperanza de que se podían salvar, houbo negociacións co PP e lles preguntou se seguían negociando se estaban de acordo co modelo porque iso é o único que non se pode cambiar. Entendeu que non querían ese modelo, e en Santiago os argumentos que se lle deron á Directora é que non lles gustaba o modelo. Agora hai un problema: o PP ten outro modelo e non poden chegar a un acordo se non están de acordo co modelo.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez e Rodríguez Fariñas (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Baz Vicente, Martínez Vázquez e Iglesias Ferreira (tres abstencións)

A moción non prospera.

5. RE nº 3176 do BNG.- Moción para a inclusión de cláusulas sociais nos contratos de obras do sector público no Concello da Guarda.

(Sae o señor Álvarez Carrero, 22:30 horas).

O señor Baz Vicente da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS DE OBRAS DO SECTOR PÚBLICO NO CONCELLO DA GUARDA

Exposición de motivos

Atendendo á comunicación que D. Carlos Méndez Iglesias, Secretario Comarcal da Federación da Construción e Madeira da CIG, e sendo coñecedores de que tal comunicación foi enviada ás distintas formacións políticas con representación no Concello da Guarda.

Tendo en conta o interese que para o noso concello e para aquelas empresas susceptíbeis de ser contratadas pola administración pública, neste caso, local; así como para os traballadores e traballadoras que aquelas empregan.

O grupo municipal do BNG presenta esta moción na que SOLICITAMOS

O apoio por parte da corporación do Concello da Guarda ás propostas da Federación da Construción e Madeira da CIG para a inclusión de cláusulas sociais nos contratos de obras do sector público na Guarda.

PROPOSTAS DA FEDERACIÓN DA CONSTRUCIÓN E MADEIRA DA CIG PARA A INCLUSIÓN DE CLÁUSULAS SOCIAIS NOS CONTRATOS DE OBRAS DO SECTOR PÚBLICO.

É obriga das administracións públicas xogar un papel relevante na xeración de emprego e en mellorar os niveis de benestar dos/as administrados/as.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As administracións públicas, por medio da contratación de obras e servizos, interveñen directamente na dinamización da vida económica e social do país. A contratación de obra pública, máis alá da función instrumental para cubrir determinadas necesidades, debe contemplarse como posibilidade de mellora do emprego, da calidade do mesmo e como elemento activador das potencialidades económicas. Tamén teñen a obriga de velar para que os recursos públicos, que pertencen a toda a cidadanía, sexan usados de acordó coa legalidade e se impida facer uso fraudulento dos mesmos, mediante calquera práctica especulativa ou que conculque dereitos dos traballadores/as.

Así o recoñece a UE que no 22 considerando da Directiva 24/2014 manifesta que a contratación pública desempeña un papel clave na Estratexia Europea para un crecemento intelixente, sostible e integrador, polo que os contratantes deben mellorar a contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns.

Engade: "en aras dunha integración axeitada de requisitos medioambientais, sociais e laborais nos procedementos de licitación pública, resulta especialmente importante que os Estados membros e os poderes adjudicatarios tomen as medidas pertinentes para velar polo cumprimento das súas obrigas nos ámbitos do Dereito medioambiental, social e laboral, aplicables no lugar en que se realicen as obras ou se presten servizos. e derivadas das leis, regulamentos decretos e decisións..., así como dos convenios colectivos (37)" "As respectivas obrigas poderán incluírse en cláusulas contractual. Tamén debe ser posible incluír cláusulas que garantan o cumprimento de convenios colectivos nos contratos públicos. O incumprimento das respectivas obrigas podería considerarse unha falta grave do operador económico, podendo carrexarlle a súa exclusión do procedemento da adjudicación dun contrato público(39)"

En relación coa necesidade de garantir o cumprimento das obrigas laborais a "Lei de garantía de calidade dos servizos e de boa administración" de abril de 2015 da Xunta de Galicia tamén considera "incumprimento grave que xustificará a resolución do contrato a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras..."

A actual crise económica, a carencia de recursos e a desprotección social que padecen milleiros de persoas por mor das políticas impostas polos gobernos do estado e das comunidades autónomas, concrétese cunha dureza especial entre os traballadores da construción. Os datos son elocuentes: dende o ano 2007 destruíronse nesta actividade en Galicia 73.814 empregos, o 49,59% dos existentes, o que sitúa a milleiros de familias en situación dramática.

Estas cifras deberían obrigar a unha reacción das administracións públicas para que ñas obras que contraten controlen con rigorosidade o cumprimento das xornada de traballo, prohibindo radicalmente a realización de horas extraordinarias.

A falta de actividade no sector leva a que a cada concurso público concorran infinidade de empresas, establecéndose unha feroz competencia por presentar ofertas anormalmente baixas que traen como consecuencia graves prexuízos para os traballadores das empresas que executan as obras, tanto coa rebaixa dos seus salarios como coa degradación galopante das súas condicións sociais e laborais. Na práctica resulta que se traballan máis horas das establecidas e cóbranse salarios inferiores aos pactados colectivamente. Esta situación é constantemente denunciada polos sindicatos do sector, en concreto pola FCM-CIG que, como medida de presión para evitar tanto abuso, chegou a paralizar as obras públicas máis importantes de Galicia (Aeropostos de Compostela e Vigo, Hospital e Auditorio de Vigo...). Máis explotación, peores condicións de seguridade e saúde e menores ingresos. Esta é a realidade que padecen os traballadores da construción que teñen acceso a un posto de traballo. A imposición de xornadas abusivas impide conseguir emprego a outros milleiros de parados e paradas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Os excesos de xornada realizados, a maiores de ser unha estafa aos traballadores xa que a maioría das horas extras non se pagan, agochan unha importante bolsa de fraude a Facenda e a Seguridade social.

Pois ben, dende a Unión Europea tamén se contemplan estas situacións, xa que se establece que ñas cláusulas de adxudicación poderán establecerse criterios que favorezan a contratación de parados de larga duración, ou doutros colectivos como persoas con discapacidade. Tamén se deberán ter en conta á hora da adxudicación a maior integración da muller no mercado laboral ou a conciliación do traballo e a vida familiar.

A respecto das ofertas anormalmente baixas, recomenda que sí o licitador non pode xustificar a rebaixa da condicións de adxudicación poderá ser excluído do concurso. Tal exclusión será obrigatoria si se comproba que tal rebaixa implica incumprimento de das condicións sociais, laborais e medioambientais.

As sucesivas e interminables reformas laborais chapodaron de raíz innumerables dereitos dos traballadores, e dotaron aos empresarios dun poder case absoluto para variar as condicións laborais. A facilidade para despedir sen causa xustificada tamén recorta a capacidade de oposición dos traballadores/as que, en moitos casos, vense obrigados a aceptar condicións laborais de explotación extrema para poder sobrevivir e manter ás súas familias. Neste contexto son moitas as empresas que, co obxecto de poder acceder a determinados contratos, optan por rebaixar os salarios de xeito abusivo e fraudulento, o que a maiores de prexudicar aos seus empregados ou empregadas, conculca claramente as condicións para a libre competencia.

A cadea de subcontratacións e outro elemento que contribúe a degradar as condicións sociais e laborais, xa que na maioría dos casos non existe un control por parte dos contratantes sobre as condicións en que se realizan os traballos, primando os baixos custes e o cumprimento dos prazos sobre o respecto aos dereitos sociais e laborais.

A obra pública está, a día de hoxe, baixo sospeita polos innumerables casos de corrupción asociados á mesma. E tamén polas malas prácticas empresariais. As administracións públicas, en lugar de desentenderse das condicións de traballo, teñen a obriga de ser exemplares, e tamén exemplarizantes, no cumprimento da lexislación ñas obras executadas baixo a súa responsabilidade.

Non existen, por tanto, normas europeas, estatais ou autonómicas, que impidan a introdución de cláusulas de salvagarda de dereitos sociais e laborais nos pregos de procedementos de contratación. Pola contra existen recomendacións claras ao respecto.

A tal efecto as Administracións Públicas, incluírán nos procedementos de contratación de obras as seguintes cláusulas sociais:

1.-Este contrato suxeitarase ao cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral e de Seguridade e Saúde no traballo. Inexcusablemente deberán aplicar como condicións mínimas as establecidas no Convenio Provincial da Construción vixente en cada momento na Provincia de Pontevedra, polo que a empresas que teñan modificado estas condicións (contratistas ou subcontratistas) serán automaticamente excluídas do acceso a contratos públicos. Resolverase o contrato daquelas empresas que, durante a realización da obra, opten por modificar ou non aplicar o Convenio Colectivo vixente en cada momento.

A empresa contratista deberá xustificar que as empresas subcontratistas tamén cumpren estas condicións. A entidade contratante comprobará a observación destes requisitos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Estas condicións terán a consideración de obrigas contractuais de carácter esencial, polo que o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

Tamén será motivo de resolución do contrato o incumprimento das obrigas salariais ou o retraso nos pagos aos traballadores das contratadas ou subcontratadas, comprometéndose nestes supostos a entidade contratante a atender de inmediato as débedas salariais.

2.-Primarán as empresas que realicen integramente a obra sen acudir a subcontratación ou que restrinxan esta ás actividades complementarias da obra en cuestión.

Terase en conta o número de traballadores fixos que prestan servizos na obra adxudicada.

Primarán, á hora de ser contratadas as empresas que, debendo recorrer á contratación de novos traballadores/as, contraten parados/as de larga duración inscritos ñas oficinas do SEPE. Tamén se terá en conta o número de contratos para persoas con discapacidade sendo obrigatoria a introdución de cláusulas que garantan a conciliación do traballo e a vida familiar.

As empresas principais e subcontratadas estarán sometidas ao cumprimento dos requisitos esixibles no artigo 227 do TRLCSP.

As Administracións establecerán os mecanismos adecuados para a comprobación e control das condicións estipuladas no devandito artigo. Solicitarán en todo caso os requisitos que se establecen no segundo párrafo do artigo 228 bis do citado Real Decreto.

En relación co estipulado no apartado e) do artigo 227, non se poderán subcontratar por importes que superen o 40% da adxudicación.

A administración velará polo cumprimento puntual da empresa contratista coas súas subcontratadas, podendo acordarse o pago directo ás mesmas en caso de retrasos dos mesmos por parte da empresa principal.

3.-Non poderán realizar traballos para a Administración contratante, nin como contratistas nin como subcontratistas, empresas que estean incursas en algún dos supostos contemplados no artigo 60 da TRLCSP, nomeadamente nos que se refiren a incumprimentos en materia laboral.

4.-Estableceranse cláusulas que garantan que a alza de custes que se poidan producir como resultado dos incrementos salariais producidos no Convenio Provincial da Construción serán asumidas pola empresa e non darán lugar á utilización dos mecanismos de modificación substancial das condicións de traballo.

Non se permitirá acudir a recrutar persoal en ETTs, segundo o establecido na normativa convencional do sector da construción.

5.-As empresas que traballen para a Administración cumprirán as seguintes obrigas:

- Que dispoñen de infraestruturas e medios adecuados para levar a cabo a actividade contratada e exercer directamente a dirección dos traballos e non se teña producido a cesión ilegal de traballadores/as.
- Que o seu persoal dispoña da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.
- *Que dispoña da organización preventiva axeitada*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Que cumpre as obrigas en materia de seguridade e saúde.
- Que *disponen dun 30% de traballadores/as con contrato indefinido (Excluído o denominado contrato de emprendedores)*
- **Que está inscritos no REA**
- *Non discriminar a traballadores/as que proveñan das oficinas de emprego por non estar en posesión das acreditacións formativas emitidas pola FLC, e que acrediten a mesma formación emitida por outras entidades homologadas.*
- *A Administración contratante comprobará que se cumpren os límites no réxime de contratación establecidos na Lei.*

6.- Como medida do fomento do emprego está prohibida a realización de horas extras e os traballos en sábados, domingos, festivos e festivos de convenio.

7.- Consideraranse como desproporcionadas ou anormais as ofertas que sexan inferiores en máis dun 8% da media aritmética de todos os prezos das ofertas admitidas. Estableceranse mecanismos para valorar a idoneidade destas propostas. Serán excluídas as empresas ñas que se comprobé que os custes salariais en función do número de traballadores/as e categorías profesionais, en relación coa duración da obra, non responde as condicións pactadas no Convenio Provincial.

8.- Estableceranse mecanismos de control de verificación de que se cumpren as condicións esixidas, así como das consecuencias xurídicas do incumprimento das mesmas, nomeadamente no relativo aos incumprimentos en materia de Seguridade e Saúde, (mecanismos de seguridade, vixilancia da saúde) ou obrigas salariais.

9.- Dado que a construción é impulsora dunha importante actividade económica noutros sectores (cemento, pedra, madeira, transporte e outros materiais) que tamén están a padecer os efectos da crise económica, consideramos que tamén se debe valorar que as empresas que accedan a estes proxectos, contraten as subministracións e servizos con empresas da zona.

10.- As organizacións sindicais máis representativas daráselles traslado do expediente de adjudicación, así como da relación das subcontratas que participarán na obra.

11.- As empresas permitirán o acceso á obras das e dos representantes das organizacións sindicais representativas do sector da Construción de Galicia para comprobar o grao de cumprimento das condicións laborais e de seguridade e saúde.

12.- As Administracións públicas crearán Comisións de Seguimento para o estipulado en relación coa obra pública e na que participarán as organizacións sindicais máis representativas.”

(Sae o señor Alonso Álvarez, 22:31 horas).

O señor Baz Vicente di que se trata de promover os postos de traballo, xerar riqueza e benestar. Quere que conste en acta que se se ten a ben a moción veña avalada por todos, fala de dotar de capacidade ó equipo de goberno e ó Concello para fiscalizar estes aspectos, como a subcontratación, que se supervise e se poida romper o vínculo contractual se non se cumpre, que non entren as ETTS. Di que se trata de afondar en que o equipo de goberno poida supervisar os contratos, e tamén poidan facelo os representantes sindicais, e se poida rescindir o contrato coa empresa que estea incumprindo.

(Regresa o señor Álvarez Carrero, 22:32 horas).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor, e quere que conste en acta que o espírito da moción é algo que apoian todos, pero haberá que adaptarse á legalidade, algunhas cousas xa se comentou que se estaban cumprindo.

(Sae a señora Magallanes Álvarez, 22:34).

O señor Rodríguez Fariñas di que é obrigado votar a favor, xa se tratou nun Pleno anterior unha moción relacionada coa Directiva da UE, polo que o respaldarán. Di que neste momento a situación é complicada e os Concellos deben ter sensibilidade e respecto ós dereitos dos traballadores, porque existe un alto porcentaxe de precariedade, e pensa que a abstención é un acto de covardía.

A señora Ortega Martínez pide que non lle faga advertencias, contestando o señor Rodríguez Fariñas que el non estaba ameazando a ninguén, quere que conste en acta, pero non poden quedarse no medio, se producen ata suicidios, polo que piden unha mellora respecto a isto, xa sabe que lle van a dicir que se cumpre no Concello coa lei, pero debe buscarse unha mellor calidade de vida.

A señora Ortega Martínez di que sabe que ía dirixido a ela porque na moción de Convergencia Galega, eles están a favor deses criterios pero se abstiveron por coherencia. Di que está de acordo coa Directiva, pero xa hai unha lei que aplicar. Sinala que neste Concello hai un problema importante, pois os reparos non din que se cumpre coa lei de contratos, e a súa prioridade é que se cumpra a lei de contratos.

(Regresa o señor Alonso Álvarez, 22:40 horas).

O señor Español Otero di que a interventora manifesta que falta o contrato, non que os procedementos se fagan saltando a lei.

A señora Ortega Martínez di que o asesor xurídico tiña contrato, contestando o señor Alcalde que si o tiña.

(Sae a señora Martínez Vázquez, 22:41 horas).

O señor Español Otero di que a moción ten contido, van a apoiala, lles gustaría habela compartido, pero tamén hai que dicir que algunhas cuestións que se din nela xa se están facendo. O compromiso é trasladar os criterios ós servizos de secretaria e intervención en cada contratación de obras, e se non contraveñen a lei se porán, pero se atenderán os informes favorables.

(Regresa a señora Martínez Vázquez, 22:45 horas).

O señor Baz Vicente se dirixe á señora Ortega Martínez e lle di que tamén os empresarios teñen que cumprir coa lei, e pide que lles convoque para acoller a sensibilidade e que a señora Ortega Martínez se sentara coa CIGA.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (cinco abstencións).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Sae o señor Crespo González, 22:46 horas).

6. E nº 3178 do PP - Moción para instar ó goberno municipal a traer a Pleno a Ordenanza para regular actividades, situacións e instalación que sexan susceptibles de producir fumes, po, gases, vahos, vapores e cheiros.

A señora Ortega Marínez da conta da seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O "Defensor del Pueblo", ante unha queixa admitida dunha vecina de a Guarda presentada no ano 2013, recomendaba ao Concello de A Guarda, que no próximo pleno do Concello valorase a oportunidade de regular as actividades, situacións e instalacións que sexan susceptibles de producir fumes, po, gases, vahos, vapores e cheiros, co fin de preservar e mellorar o medio ambiente urbano, e por tanto dítar ao efecto unha ordenanza municipal, en virtude das competencias que lie atribúe a Lei reguladora das bases de Réxime Local.

O Concello contesta que a aprobación dunha Ordenanza reguladora da materia, non é competencia da Alcaldía, que hai que elévala a pleno. Pois a pleno a trae o Partido Popular, e que sexa o pleno, quen decida se hai xente que vai a ter que seguir sufrindo as consecuencias da contaminación, dos cheiros e da sucidade que producen os outros na súa casa, como hai algunha persoa sufríndoo segundo consta en expediente dende 2.003.

A Xunta de Galicia contestou que a competencia é municipal, por tanto será o pleno deste concello que ten que dar solución a este tema, e todos os outros que se xeren por este tipo de cuestións de contaminación atmosféricas, e evitar prexuízos ao veciños.

No anterior pleno ordinario a nosa voceira preguntou polo tema, e o propio Alcalde dixo que non había nada que facer, que lie facilitaba o expediente, pero nada mais, pois nos creemos que si hai unha vía para soluciónalo: regulalo.

Os Populares de A Guarda pensamos que non só por esta persoa, senón por toda a veciñanza, temos a necesidades e a obriga de solucionar este problema que se pode ocasionar, e que de feito xa hai casos onde algunhas persoas venen sufrindo estes prexuízos dende hai anos. Busquemos, pois, o instrumento para que non volte a haber máis prexudicados por temas medioambientais na Guarda.

Se sae adiante a nosa moción, e o goberno municipal toma as medidas oportunas para solucionar este tema, sería un gran avance na nosa vila, porque esa actitude ecolóxica melloraría a calidade medioambiental da nosa contorna, e en consecuencia a calidade de vida dos guardeses.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno traia ao seguinte pleno ordinario unha proposta de ordenanza, segundo a suxerencia do "Defensor del Pueblo", PARA REGULAR ACTIVIDADES, SITUACIÓNS E INSTALACIÓNS QUE SEXAN SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR FUMES PO, GASES, VAHOS, VAPORES E CHEIROS AOS CIDADÁNS.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Ortega Martínez fala da existencia de conflitos de veciños que non foron resoltos, problemas ambientais que se presentaron ante o Defensor do Pobo, que fixo a recomendación de regular a materia.

A señora Iglesias Ferreira di que votará a favor.

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor.

O señor Baz Vicente di que votarán a favor, aínda que non sabe se isto vai axudar ós veciños.

O señor Alcalde di que este tema xa “colea”, é un erro que un grupo político se faga eco dun problema particular para traer unha moción, se trata dun conflito entre veciños, isto ten un recorrido longo, e non sabe por que a solución ten que ser esta.

A señora Ortega Martínez sinala que é o que di o Defensor do Pobo.

O señor Alcalde di que o Valedor do Pobo recomenda, se fixo a consulta cos servizos técnicos, e non hai capacidade para facelo, hai outro sitio onde pode resolverse este problema. Di que a moción é inaplicable, e en relación con traelo ó próximo Pleno, hai cousas máis prioritarias, e aínda que tiveramos ordenanza, non hai medios nin persoal para aplicala, e dubida que teñan que facelo aínda que sexa votada a favor.

A señora Ortega Martínez di que a teñen en La Gavia en Granada, o mensaxe que se da ós veciños é que poden facer o que queiran, contestando o señor Español Otero que el iría ó Xulgado.

O señor Alcalde di que neste caso non se pode actuar, un mes antes das eleccións xa veu a muller ó Concello, sinalando a señora Ortega Martínez que hai máis casos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos en contra).

7. RE nº 3179 do PP.- Moción do grupo municipal popular mellora da rúa 3º Trv. Os Bechos.

A señora Ortega Marínez da conta da seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tódolos anos, dende que existe o conservatorio elemental de música de A Guarda, os rapaces e rapazas que asisten ás clases, tanto de conservatorio como aos ensaios da Agrupación Musical, atópanse cun serio problema de seguridade vial no traxecto que vai dende o centro de saúde ata o edificio do conservatorio. Como esta vía carece de beirarrúas, o alumnado que vai a pé a clase, sofre un importante risco de atropelo. Este risco se incrementa no inverno xa que as seis da tarde xa é de noite, e a visibilidade é moi escasa, máxime cando chove.

Ante esta situación, os pais que teñen coche (e poden), levan anos levando e traendo aos nenos, obrigados precisamente para evitar eses riscos que antes mencionamos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Por outra banda, esta rúa ten bastante tráfico nas horas que coinciden cos ensaios da tarde, polos que van ao campo de fútbol a adestrar e ao instituto a clases de nocturno. Ademais, debido a que case todos chegan tarde, circulan a unhas velocidades moi inapropiadas para o tipo de vía, por iso, o concello decidiu instalar uns reductores de velocidade (badéns) ñas inmediacións do conservatorio.

Nós, os populares, como todos os que se preocupan pola seguridade dos cidadáns, pensamos que xa é hora de mudar esta situación. Creemos que xa chega de arriscar a vida da mocidade, por iso consideramos necesario reformar completamente este tramo de rúa que vai dende o Centro de Saúde ata o Conservatorio.

A actuación tería que ser integral, a saber:

- Execución de beirarrúas a ambos lados da vía.
- Instalación da rede de abastecemento e saneamento.
- Instalación de báculos de alumeadado público coa liña enterrada.
- Mellora do firme existente e sinalización horizontal.

O Partido Popular de A Guarda, pensa que a mellora de esta rúa é unha prioridade dentro do conxunto das obras a realizar no concello.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Concello de A Guarda reserve dos fondos de Deputación para obras, unha partida para o arranxo e mellora do firme, instalación de servizos de auga e saneamento, colocación de beirarrúas e iluminación na rúa 3º Transversal Os Bechos.”

A señora Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción, recorda a época que lle tocaba de cerca, é unha zona perigosa e hai moitos nenos por alí.

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor.

O señor Baz Vicente segue insistindo no diálogo, eles presentaron un escrito en relación coa rúa Rodríguez Sinde e o señor Alcalde dixo que a rúa Calvario era máis prioritaria, agora ven esta rúa e seguro que hai máis. Recórdalle á señora Ortega Martínez que se acorde da Xunta para pedirlle fondos.

A señora Ortega Martínez di que non hai problema, pensou que o máis fácil sería incluílo no Plan Concellos.

O señor Español Otero di que teñen conciencia de que esa e outras zonas precisan arranxos, pero non olvidan outras, e eles elaboran un plan de actuacións, xa o fixeron hai anos, e levaron a cabo moitos metros de beirarrúas, nas rúas Rodríguez Sinde, Brasil, Oia, Subida a San Amaro ou Transversais de Solanas. Di que esta moción non insta, aquí se di o que se ten que facer, e non poden aprobala, non porque non teñan intención de levala a cabo, senón porque hai outras que hai que acabar, e saneamentos que tamén se precisan. Se intentará actuar á maior brevidade posible, é un proxecto custoso para poder urbanizala, pois inclúe beirarrúas e servizos. Di que como esta rúa hai bastantes máis, está na súa mente darlle unha solución ó cruce, hai un PERI que dificulta a actuación e non poden actuar sen máis, están dispostos a consensuar o proxecto cos grupos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que lle parece ben a sensibilidade da señora Ortega Martínez, pero hai que establecer prioridades, e bota en falta axudas doutras Administracións, non conseguiron liñas de subvención, oxalá a Xunta tivera sensibilidade para axudalos a facelo, non poden prométele porque non poden comprometerse.

A señora Ortega Martínez di que a próxima vez se enterarán pola prensa, e están de acordo en cambiar o texto da moción e que poña “*fondos das distintas Administracións Públicas*”, polo que quedaría redactada como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tódolos anos, dende que existe o conservatorio elemental de música de A Guarda, os rapaces e rapazas que asisten ás clases, tanto de conservatorio como aos ensaios da Agrupación Musical, atópanse cun serio problema de seguridade vial no traxecto que vai dende o centro de saúde ata o edificio do conservatorio. Como esta vía carece de beirarrúas, o alumnado que vai a pé a clase, sofre un importante risco de atropelo. Este risco se incrementa no inverno xa que as seis da tarde xa é de noite, e a visibilidade é moi escasa, máxime cando chove.

Ante esta situación, os pais que teñen coche (e poden), levan anos levando e traendo aos nenos, obrigados precisamente para evitar eses riscos que antes mencionamos.

Por outra banda, esta rúa ten bastante tráfico nas horas que coinciden cos ensaios da tarde, polos que van ao campo de fútbol a adestrar e ao instituto a clases de nocturno. Ademáis, debido a que case todos chegan tarde, circulan a unhas velocidades moi inapropiadas para o tipo de vía, por iso, o concello decidiu instalar uns reductores de velocidade (badéns) ñas inmediacións do conservatorio.

Nós, os populares, como todos os que se preocupan pola seguridade dos cidadáns, pensamos que xa é hora de mudar esta situación. Creemos que xa chega de arriscar a vida da mocidade, por iso consideramos necesario reformar completamente este tramo de rúa que vai dende o Centro de Saúde ata o Conservatorio.

A actuación tería que ser integral, a saber:

- Execución de beirarrúas a ambos lados da vía.**
- Instalación da rede de abastecemento e saneamento.**
- Instalación de báculos de alumeadado público coa liña enterrada.**
- Mellora do firme existente e sinalización horizontal.**

O Partido Popular de A Guarda, pensa que a mellora de esta rúa é unha prioridade dentro do conxunto das obras a realizar no concello.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Concello de A Guarda reserve dos fondos das distintas Administracións Públicas para obras, unha partida para o arranxo e mellora do firme, instalación de servizos de auga e saneamento, colocación de beirarrúas e iluminación na rúa 3º Transversal Os Bechos.”

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (nove votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos en contra).

8. RE nº 3197 da Concelleira non adscrita dona Fátima Iglesias Ferreira.- Moción para ofrecer a los vecinos el servicio de compulsión de documentos.

A señora Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA OFRECER A LOS VECINOS EL SERVICIO DE COMPULSA DE DOCUMENTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La compulsión de documentos es el acto de cotejar una copia con el documento original para determinar su exactitud. El objetivo es evitar a los administrados el tener que desprenderse de documentos que puedan necesitar para otros fines, facilitándoles el cotejo de las copias, para que éstas surtan los efectos de los originales.

Consultando la legislación, encontramos que el artículo 35 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPA), en su apartado c) establece que los ciudadanos tienen derecho a obtener copia sellada de los documentos que presenten, aportándola junto con los originales, así como a la devolución de éstos, salvo cuando los originales deban obrar en el procedimiento. Lo que significa, que la compulsión de documentos se refiere a documentos que han de surtir efectos en la Administración municipal, por lo que el Ayuntamiento no está obligado a compulsar documentos que hayan de producir sus efectos en otras Administraciones. Y aunque conviene resaltar que diferentes organismos están habilitados para realizar las compulsiones, generalmente de forma gratuita, de los documentos que deban entregarse en los mismos (Seguridad Social, Xunta de Galicia, Institutos de enseñanza, Policía, Hacienda, Universidad, Juzgado, Sergas), también deberíamos tener presente que nuestra ubicación geográfica, a kilómetros de distancia de estos organismos, hace que muchos ciudadanos hagan llegar la documentación a través del servicio de correos y se encuentran con problemas para poder compulsar en nuestro pueblo, viéndose obligados a acudir a otros municipios de la comarca, donde si se les ofrece este servicio, aunque tengan que pagar por ello.

Para ello, proponemos que el grupo de gobierno junto a los servicios jurídicos valoren esta iniciativa útil para los ciudadanos, y sus posibles condicionantes si lo hacen más viable (p.e.: que el usuario debe aportar para ello la fotocopia del documento además del original, que se pueda establecer un precio de compulsión a recoger en la Ordenanza reguladora de tasas municipales, pudiendo valorar excepciones como en otros concellos en los que se tiene en cuenta, por ejemplo, documentos necesarios para acceder al mercado laboral de personas desempleadas empadronadas en A Guarda, documentos solicitados a estudiantes o personas desempleadas, o para documentación necesaria para el acceso a prestaciones sociales,...).

Por lo expuesto anteriormente, se somete al Pleno del Concello de A Guarda la adopción del siguiente ACUERDO:

1º El equipo de gobierno y los servicios jurídicos del concello estudiarán esta propuesta para habilitar el servicio de compulsión de documentos para los vecinos y vecinas de A Guarda y así facilitar sus gestiones con otros servicios y administraciones.”

(Saen o señor Baz Vicente e señora Ortega Martínez, 23:10 horas).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que noutros Concellos teñen habilitado este servizo, a xente se vai ó Rosal a compulsar, solicita que se estude a proposta, e se habilite un servizo de compulsas e se cobre, dándolle excepcionalidade a taxa en determinados casos.

(Regresa o señor Baz Vicente, 23:11 horas).

O señor Rodríguez Fariñas di que a compulsa é unha decisión que toma a secretaria, hai Concellos que o fan, outros non, e a Notaría cobra trinta euros por cada folla, polo que considera que é unha necesidade e votará a favor.

(Regresa a señora Ortega Martínez, 23:12 horas).

O señor Baz Vicente di que ten dúbidas de poder levalo adiante, xa o dirá a secretaria se poden facelo ou non, se van abster.

A señora Ortega Martínez di que apoiarán a moción, despois xa será a secretaria a que diga se poden facelo.

O señor Español Otero di que apoian a moción, sen asegurar nada, se estudará, hai compromiso da secretaria de emitir un informe.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Marínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

9. RE nº 3198 da Concelleira non adscrita dona Fátima Iglesias Ferreira.- Moción para levar a cabo un control efectivo de ratas en las calles de A Guarda.

A señora Iglesias Ferreira da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA LLEVAR A CABO UN CONTROL EFECTIVO DE RATAS EN LAS CALLES DE A GUARDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En las últimas semanas se han multiplicado las quejas ciudadanas que denuncian el aumento de ratas en la localidad. Han sido numerosos los testimonios de vecinos y comerciantes, denunciado la existencia de ejemplares de ratas de gran tamaño pululando por las calles, entrando en las arquetas, en bajos y garajes de A Guarda y la preocupación parte muy especialmente de locales de hostelería.

Entendemos de máxima urgencia atender a este asunto de salud pública que, aunque se venga haciendo, es evidente que lo que se lleva a cabo no es suficiente y se debe mejorar el servicio, tanto para atender a los riesgos sanitarios, como a los particulares y negocios, así como edificios públicos que pueden poner en riesgo los servicios y también nuestra imagen.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Las zonas de donde parten las quejas que nos han llegado son de los alrededores de la Plaza Avelino Vicente, Rúa Galicia, Concepción Arenal, Ramón Sobrino, Rúa Ourense y Domínguez Fontela, lo que no implica que la situación se repita en otras zonas.

Creemos que hoy en día, la proliferación de ratas no debería ser un problema si se hace un control del servicio, de la basura y una limpieza eficiente.

Por lo expuesto anteriormente, se somete al Pleno del Concello de A Guarda la adopción del siguiente ACUERDO:

1. El concello de A Guarda se compromete a mejorar (o contratar si es necesario) con urgencia, el servicio de exterminio de ratas y a llevar a cabo un control efectivo del mismo.”

A señora Iglesias Ferreira di que nos últimos tempos lle chegaron queixas, na zona de Concepción Arenal, se trata dun problema de saúde pública.

O señor Rodríguez Fariñas di que se van a fumigar as ratas poderían aproveitar e resolver o problema de Bankia. Di que hai unha situación rara, na praza do Concello existen, di que o señor Rodríguez González xa asumiu que ían facer campaña neste sentido.

O señor Baz Vicente di que votarán a favor.

A señora Ortega Martínez di que votarán a favor.

(Sae a señora Baz Rodríguez, 23:20 horas).

O señor Rodríguez González di que este tipo de actuacións se están levando a cabo, e cando se detecta se fai unha desinfección profunda.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Marínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (quinze votos a favor).

PUNTO 14.-.- ROGOS E PREGUNTAS.

(Regresa a señora Baz Rodríguez, 23:25 horas).

ROGOS E PREGUNTAS DA SEÑORA IGLESIAS FERREIRA:

1.- Pregunta polo asunto de Costas en relación co arranxo da barandilla de Fernández Albor.

O señor Alcalde di que non ten noticias e o señor Español Otero di que non lles consta contestación.

2.- Pregunta se houbo contestación no tema de Catastro, respondendo o señor Alcalde que non.

3.- Roga coidado e conservación dos espazos onde xogan os nenos, chamou ó señor Español Otero cun problema dunha farola cos cables por fora e nunha hora estaba solucionado.

O señor Español Otero di que a roubaron.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4.- Roga máis limpeza nas rúas, lles chegan moitas demandas porque as rúas están sucias, e tamén as praias e as beirarrúas cheas de herbas, negalo non é a solución..

O señor Español Otero di que dende que empezou o novo persoal a traballar hai oito persoas en Donantes de Sangue, contestando a señora Iglesias Ferreira que é unha vergoña, trouxo fotos de como estaba hai un ano, e agora seguen igual

O señor Alcalde fai referencia a unha carta publicada no Faro de Vigo hai unha semana, e di que alguén se inventou un localizador de puntos negros, sucios e descoidados na Guarda. Di que hai dúas opcións, pero sendo concelleiro só hai unha, ser conscientes dos medios que temos e o que se pode prexudicar. Di que non se pode achacar todo o que pasa ós servizos municipais, deben concienciarse todos, neste caso de trata dun problema cívico, e a publicidade negativa que se lle da á Guarda é mala. Respecto ás praias, teñen a brigada traballando a tope, e pode vir unha marusía e volve a estropearse.

(Sae a señora Vicente Baz, 23:30 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que o pobo está sucio, contestando o señor Alcalde que o pobo está limpo, dicindo a señora Iglesias Ferreira que está asqueroso, e repetindo o señor Alcalde que está limpo, é un dos pobos máis limpos que el coñece, o di sempre que vai a calquera grande cidade e están máis sucias, repite que A Guarda está limpa, esa é a súa opinión, e di que estará aínda máis limpo porque se esforzarán máis, pero a Guarda non está máis sucio que calquera pobo da nosa contorna, e a súa conclusión é que a xente da Guarda que di iso e que viaxan pouco.

O señor Rodríguez González pide que se comuniquen os casos, a Policía hoxe retirou enseres, contestando a señora Iglesias Ferreira que saquen unha nota de prensa dicindo que A Guarda está limpa.

(Regresa a señora Vicente Baz, 23:36 horas).

O señor Alcalde pide desculpas polo tono empregado, cre que é unha consideración subxectiva pero quere que os veciños pensen como el, se están facendo esforzos por mellorar.

O señor Rodríguez González di que van vir concelleiros doutros lugares para ver a xestión que se está facendo aquí, e o señor Español Otero di que as praias están limpas dende que empezou a traballar o novo persoal.

ROGOS E PREGUNTAS DO SEÑOR RODRÍGUEZ FARIÑAS:

1.- Pregunta se houbo avances na regulación da taxa do GES.

O señor Español Otero di que teñen unha empresa accede a redactar o estudo de custes e facer unha proposta.

2.- Na última Comisión de Urbanismo se debateu un caso que podía estar afectado polo da lei de costas, se lle requiriu a aportación de documentación pero quere saber se fixeron o informe.

O señor Alcalde contesta que aportou documentación, pero o informe non está redactado.

3.- Pregunta pola posta en marcha do grupo de protección civil mancomunado.

O señor Español Otero di que non saben de ninguén que se comprometera a levalo a este Pleno, houbo contactos, e di que o Concello da Guarda ten un problema engadido que é disolver primeiro o que temos aquí, polo que se fará con calma e prudencia.

O señor Rodríguez Fariñas sinala que os outros Concellos din que están esperando por A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4.- No mes de xaneiro un veciño da rúa Ireira pediu un aparcamento de vehículo pola falta de mobilidade da súa muller, quere saber como está iso.

O señor Alcalde di que se lle respondeu a el por escrito.

5.- Di que o día 19 deste mes recibiu un escrito do Defensor del Pueblo en relación coa accesibilidade na rúa Baixo Muro, dicindo que están pendentes de negociacións coa Consellería, vendo distintas solucións técnicas e buscando financiación, e pregunta que se fixo.

O señor Alcalde di que lle responderá por escrito.

(Resposta do señor Alcalde : se reuniron coa Xunta, na Dirección Xeral de Maires para solicitar axuda para cumprir a sentenza. Non lles comprometeron nada naquel momento e non se puxeron en contacto con eles. Se iniciará unha investigación sobre a propiedade da rúa Ireira que corta o acceso a Baixo Muro para ver a posibilidade de adquirila e abrir un paso).

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

O señor Baz Vicente fai os seguinte rodos e preguntas:

1.- En relación coa antena de Camposancos, pregunta por que non se lles din cales eran as outras posibles ubicacións para a mesma, se lles terá que dicir a verdade, contestando o señor Alcalde que a empresa dixo que se contemplaron outras ubicacións, consultaron cos propietarios e conseguiron un propietario que lles alquilou, pensa que esa é unha ubicación tan mala como calquera outra.

O señor Baz Vicente di que queren sabelo, respondendo o señor Alcalde que hai un informe sobre a cobertura existente, e faláron cos veciños e atoparon esa ubicación.

O señor Baz Vicente di que a empresa debe convencelos, preguntando o señor Alcalde se ten algunha suxerencia, que o que pode facer é pedirilles unha reunión á empresa.

O señor Baz Vicente di que está de acordo.

2.- En relación cunha moción para instar á Xunta en relación coa hemodiálise, pregunta que se fixo.

O señor Alcalde di que cando se aproba unha moción se envía, pero non teñen resposta.

3.- En relación a rúa Manuel Álvarez, di que se van acometer obras e pregunta se contempla meter baldosas, contestando o señor Español Otero que xa o sabe porque tivo acceso ó proxecto, non se contempla, é a renovación de servizos e dotación de aparcamento en batería nun dos lados.

O señor Baz Vicente di que deba terse contemplado.

O señor Español Otero di que eles teñen un criterio para urbanizar, esa rúa require actuacións de máis envergadura que cambiar unhas losetas, e di que é o señor Baz Vicente o que non ten criterio neste sentido, pedindo este que conste en acta.

4.- Pregunta se na rúa do Porto se está traballando para colocar baños públicos accesibles, contestando o señor Alcalde que non, que se lle pediu a obra a Portos, e non souberon nada, eles farán unha actuación, o problema é o mobiliario.

5.- Pregunta por unha arqueta en Sollás, contestando o señor Español Otero que esa e outras tiñan vicios ocultos, e quere agradecer a dedicación dos funcionarios municipais, pois atoparon tres puntos tapados con plástico e terra, e fixeron unha arqueta de formigón.

A señora Martínez Vázquez fai os seguinte rodos e preguntas:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Pregunta canto tempo se necesita para retirar os paneis que publicitan as obras públicas, contestando o señor Español Otero que teñen que permanecer por lei, sinalando a señora Martínez Vázquez que se refire ó cemiterio de Camposancos.

2.- Pide que se retome o Convenio do Portelo con outras administracións.

3.- Di que hai queixas polo mantemento dos parques públicos, ó lado da Ferretería Coballes está en estado ruinoso e perigoso.

O señor Español Otero di que é unha evidencia.

Intervén o señor Alcalde para facer constar que sendo as 00:00 horas se dará continuación á celebración do Pleno.

4.- No camiño da Poza hai unha zona de rego chea de terra, pide que se limpe porque se inunda.

O señor Español di que se limpará.

5.- Pide a limpeza do parque do Palomar, pregunta cándo se vai facer, así como a rotonda da Pasaxe.

O señor Español Otero di que se fará un día destes, xa se cortou nas Docas e se continuará.

A señora Martínez Vázquez di que esa zona se limpa unha vez ó ano.

6.- Están pendentes da resposta por escrito sobre o asunto de Atendo.

O señor Alcalde di que está respostada na acto do Pleno.

A señora Martínez Vázquez pregunta por que non se contrata a xente e empresas de aquí, contestando o señor Alcalde que porque hai que cumprir a legalidade.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP.

A señora Ortega Martínez fai os seguinte rodos e preguntas:

1.- No anterior pleno aprobouse unha ordenanza de emerxencia social que segundo vostedes estaba case preparada, ¿cando se vai traer a pleno?.

A señora Magallanes Álvarez di que hai un compromiso de facela, e a señora Vicente Baz sinala que hai un borrador, ela non dixo que viría a este Pleno.

A señora Ortega Martínez di que vai como vai todo, contestando a señora Magallanes Álvarez que precisa de informes e se está traballando nela.

2.- Pregunta por que non se fixo este luns o pleno, se estaban todos de acordo,xuntalo co extraordinario e cos cartos que se aforran facer o curso de mentoring que se suspendeu, e quere preguntar por que se suspendeu e se foi por falta de financiamento.

O Alcalde di que o Pleno non se fixo o luns e a el lle houbera gustado.

O señor Alcalde di que o curso non se suspendeu, o curso acabou e queren continualo,contestando a señora Ortega Martínez que iso non foi o que lle dixeron os alumnos, que estaban moi enfadados.

Odi señor Crespo González que as cousas teñen un principio e un fin, e se continúan será outra fase.

3.- Pregunta se era necesario no simulacro de emerxencias que houbo en Oia, que ademais dos membros do GES e Protección Civil de A Guarda, foran dous policía locais, deixando a nosa vila sen efectivos ante calquera eventualidade . Di que o señor Alcalde tamén foi, o que é normal, porque lle gusta o Concello de Oia, pois tanto vai a avivar un incendio nunha moción de censura, como a apagalo nun simulacro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que iso foi un simulacro, ós Policías non os mandou o señor Español, Oia non ten policía municipal, así que o 112 avisou ó GES e ós Policías da Guarda. Di que o concelleiro delegado de emerxencias foi invitado expresamente, pero non puido acudir e foi no seu lugar o señor Alcalde.

O señor Rodríguez González di que así é un simulacro, e que había máis Policías.

5.- Pregunta en qué punto está o arranxo do muro de contención da ponte que está na subida da igrexa de Camposancos?

O señor Español Otero di que foi arranxado no seu momento a petición dunha vocal, hai unha fisura pero non ten perigo.

(Sae o señor Álvarez Carrero, 00:10 horas)

6.- Pregunta cómo é posible que se consinta que depositen restos de desguace, neveiras e outros electrodomésticos, e demais lixo na entrada do Punto Limpo, e non os pillen.

O señor Rodríguez González di que se están localizando e o SEPRONA o está investigando.

A señora Ortega Martínez felicita ó concelleiro delegado.

6.- No último pleno se aprobou unha moción de instar a Consellería de Emprego, polo tema do xeito de chamar os desempregados para os planes de emprego dos concellos, e pregunta se houbo resposta.

O señor Alcalde di que iso se fai de oficio.

7.- Pregunta polo empresa que ía estudar a legalidade da WIFI, contestando o señor Alcalde que o informe debe estar arriba, pedindo o señor Baz Vicente que llo faciliten.

(Regresa o señor Álvarez Carrero, 00:15 horas)

8.- .- Recentemente denegouse a un negocio de hostalería situado na rúa Pacífico Rodríguez a solicitude de cambiar a ubicación dunha praza de minusválidos (fronte aos Somascos), co obxecto de facilitarlle a este establecemento unha zona de terraza pola cal pagaría a súa correspondente taxa de ocupación. Non pedía que se eliminase, senón que se cambiara de sitio, que se lle acercase máis a praza a entrada do colexio por certo.

Por algunha razón que podamos todos entender se lle denegou isto?

O señor Alcalde di que non llo trasladaron.

9.- Na Av. Donantes de Sangue solicitouse reiteradas veces unha marquesiña para os nenos, que este inverno tan chuvioso tiveron que mollarse tódolos días. Case pasou o curso escolar e seguen sen ela, teñen intención de colocala?

O señor Español Otero di que se fará.

10.- Pregunta pola ordenanza do IBI que se ía modificar para incluír criterios sociais, porque remata o período fiscal e non a teñen.

A señora Magallanes Álvarez di que para este período fiscal non vai estar, respondendo a señora Ortega Martínez que quedan seis meses e coa rapidez que teñen non chegarán.

A señora Magallanes Álvarez di que a señora Ortega Martínez debería entender e interiorizar unha cousa: hai ordenanzas pendentes en servizos sociais, GES, praza de abastos, que requiren os informes pertinentes, e o que non poden é solucionarlos todo nun mes, xa veu un regulamento de lixo o e os estatutos.

10.- Di que a escola da Poza en Camposancos se ía revertir ó Concello e parece que hai unas persoas que viven alí, contestando o señor Alcalde que esa escola é do Concello, está desafectada e que esas preguntas hai que facelas noutros foros.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

11.- Di que o equipo de hockey está entreando en Tomiño, contestando o señor Español Otero que os cartos para o pavillón da Guarda foron transferidos en canto se asinou o convenio, sinalando a señora Ortega Martínez que xa o sabe, pero quería saber se hai outro pavillón que puideran usar.
O señor Español Otero di que o do instituto.

Rogos. (presentados por escrito).

1-Ruego nuevamente que se dé una capa de cemento al menos al barrio de Salgueiró, y, al Primer transversal de Salgueiró (son dos lados diferentes) en Camposancos, está muy deteriorado el firme y es muy dificultoso caminar por el, mas aún para una silla de ruedas y cochecitos de niños.

2-Ruego que se repongan los espejos deteriorados, rotos e incluso en diversas zonas inexistentes en los cruces de Camposancos (Couto, Carretera de Camposancos...)

3-Ruego nuevamente que se inste a las administraciones oportunas para la construcción de aceras en circunvalación

4-Ruego que se arreglen las aceras en la calle Hermanas Galdó (Subida al barrio del Palomar, pegado a los Jesuitas y urbanización Rio Miño)

5-Ruego que se arregle el bache que hay en la Calle Hermanas Galdó (Parte de arriba, junto al espejo)

6-Ruego que desbrocen y adacenten la rotonda que baja desde el Palomar hacia el Pasaje.

7-Ruego limpien la calle que sube desde el Pasaje hasta la Guardia, está llena de hiervas y da muy mal aspecto.

8-Ruego que se repongan los columpios de la Armona.

9-Ruego que limpien la famosa farola dinoseto, en la armona, en algunas parte la hiedra ya secó y le dá un aspecto deplorable por mucho que le guste a la Teniente-alcalde

10-Ruego que reparen el paseo de madera que va desde la Armona hasta el Molino, en diversos puntos están las maderas rotas, e, incluso un panel informativo está en el suelo

11-Ruego que se repongan los cristales de la marquesina de Fontequente, llevan ya mas de dos años así

12-Ruego que se limpien las inmediaciones de la escuela de la Poza.

13-Ruego que la señal que indica el cruce del Camiño de Linares, camiño do Pasaxe y Forno do Duque y que sigue en el suelo, se coloquee nuevamente en su sitio, ¿a que esperan? ¿a que alguien decida hacer madera con ella para la chimenea?

14-Ruego que instalen papeleras en Camposancos, su falta es una queja reiterada de los vecinos.-Ruego nuevamente que se arregle la esquina del muro de la Alameda, al lado de Mapfre,

15-Ruego que se arregle la barandilla de la Cruzada.

16-Ruego que se le eche una capa de cemento en la Cruzada contra el muro, a la altura de los contenedores , en calle San Caetano (lateral).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

17-Ruego que reparen la barandilla en las Loucenzas

18-Ruego limpien y reparen las instalaciones del parque infantil de Salcidos

19-Ruego reparen las aceras de Muño de abaixo, llevan años así e inclusive una vecina se cayó por culpa de ellas lastimándose, de la cual ya pusimos quejas.

20-Ruego que retiren el escombros depositado a escasos metros del museo del mar, así como las piedras amontonadas entre el escombros y dicho museo.

21-Los contenedores frente al antiguo campo de fútbol de la Alameda dan pena y vergüenza, deteriorados, sucios y, a alguno hasta le falta la tapa, ¿tienen intención de solucionarlo?

22-En la calle la Cal, penden unos cables eléctricos, atados con unas cuerdas, suponiendo un peligro para los viandantes. Ruego que los coloquen correctamente.

23-La antena de wifi que está frente al cruce que sube hacia Funchidos en Avenida donantes de Sangre, está rota en uno de sus laterales y enganchada precariamente por un cable de la luz. Ruego se arregle lo antes posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 00:15 horas o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

Antonio Lomba Baz

Julia María Carrasco González-Alegre